



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Camiño Real s/n
15570 Narón (A Coruña)
Tlf.: 881.938.159 Fax: 81.938.170
e-mail: ies.terra.trasancos@edu.xunta.es
web: www.edu.xunta.es/centros/iesterratrasancos

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
DEPARTAMENTO LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA
CURSO 2019-2020

ÍNDICE

1. Introducción e contextualización	3
a) Contexto	4
b) Presentación dos Membros do Departamento de Lingua Castelá	5
c) Introducción á materia de Lingua Castelá e Literatura	9
2. Obxectivos curriculares da Educación Secundaria	11
3. Cadro de temporalización de contidos	11
3.1 Temporalización de contidos 1º ESO	14
3.2 Temporalización de contidos 2º ESO	16
3.3 Temporalización de contidos 3º ESO	20
3.4 Temporalización de contidos 4º ESO	22
3.5 Temporalización de contidos 1º de BACH	25
3.6 Temporalización de contidos 2º de BACH	28
4. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias e mínimos esixibles	43

4.1 1º de ESO	44
4.2 2º de ESO	48
4.3 3º de ESO	54
4.4 4º de ESO	60
4.5 1º de BACH	72
4.6 2º de BACH	79
5. Procedementos e instrumentos de avaliación. Criterios de cualificación	87
5.1 Avaliación en 1º de ESO	87
5.2 Avaliación en 2º de ESO	88
5.3 Avaliación en 3º de ESO	90
5.4 Avaliación en 4º de ESO	91
5.5 Avaliación en 1º de BACH	93
5.6 Avaliación en 2º de BACH	96
6. Avaliación inicial na ESO e acreditación de coñecementos previos en Bacharelato	97
7. Plan de atención a pendentos	99
8. Metodoloxía	100

a. Xeral	100
b. Docente	101
c. Aportacións dende a materia ao plan TIC	102
9. Tratamento da diversidade	102
9.1 Alumnos con Reforzo educativo	104
9.2 Agrupamentos específicos	104
9.3 Programas personalizados de atención ó alumno con NNEE	104
10. Materiais e recursos	104
11. Concreción dos elementos transversais	106
a) Aportacións dende a materia ao plan de convivencia	106
b) Programación da educación en valores.	106
12. O Plan Lector	108
13. Actividades complementarias e extraescolares	114
14. Procedementos para avaliar a programación	114
15. Programación 3º PMAR	115
16. Aportacións ó proxecto "Challenging extremism"	132

17. Bibliografía

132

1- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIACIÓN:

A- Contexto:

O Instituto de Ensino Secundario Terra de Trasancos é un centro do Concello de Narón de titularidade pública.

O centro atópase no Camiño Real S/N. No entorno atopamos un polígono onde se desenvolven actividades de tipo industrial, comercial e empresarial. O nivel socioeconómico das familias é principalmente de clase obreira. No contorno máis inmediato ó centro podemos atopar, cara ó norte e ó leste edificacións de grande volume adicadas como xa se indicou antes a actividades de tipo industrial, comercial e empresarial. Cara ó sur e o leste atopamos vivendas unifamiliares, e, nun contorno máis lonxano vivendas plurifamiliares. Ademais, inmediatos ó centro, atopamos o IES As Telleiras e o polideportivo municipal de As Lagoas. O acceso principal ó centro resólvese dende a Estrada de Cedeira. A distancia do IES ós núcleos urbanos do concello, así como a procedencia dos alumnos fai que estes accedan na súa práctica totalidade a este en transporte escolar, e, no caso dos alumnos de ciclos en transporte privado cando o seu horario lectivo non coincide co do resto dos alumnos. Este feito supón un condicionante extremo na actividade do centro pois, na práctica, o desenvolvemento de calquera actividade fóra do horario lectivo implica o desprazamento dos participantes polos seus propios medios sen que exista nin sequera transporte colectivo público nas cercanías.

O centro imparte ensinanzas de Educación Secundaria, Bacharelato, Ciclos de grao medio e superior e Formación Profesional Básica de acordo coa seguinte especificación:

a) Educación secundaria obrigatoria (ESO): todos os grupos.

b) Bacharelato coas modalidades Científico Tecnolóxico, de Humanidades e Ciencias Sociais.

c) Ciclos de grao medio:

- Xestión administrativa. Pertence á familia profesional de administración. Ten unha duración de 2000 horas repartidas en dous cursos académicos.

d) Ciclos de grao superior.

- Administración e Finanzas. Pertence á familia profesional de administración. Ten unha duración de 2000 horas repartidas en dous cursos académicos.

e) FPBÁSICA de Electricidade e Electrónica.

f) FPBÁSICA de Servizos Administrativos.

B- Introducción á materia de Lingua Castelá e Literatura:

A materia Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe tamén achegar as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoriamente en calquera situación comunicativa da vida familiar, social e profesional. Eses coñecementos son os que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outro. A estruturación do pensamento do ser humano faise a través da linguaxe, por iso é polo que esa capacidade de comprender e de expresarse sexa o mellor e o máis eficaz instrumento de aprendizaxe.

A finalidade da reflexión lingüística é o coñecemento progresivo da propia lingua, que se produce cando o alumnado percibe o uso de diferentes formas lingüísticas para diversas funcións e cando analiza as súas propias producións e as dos que lle rodean para comprendelas, avalialas e, no seu caso, corrixilas. A reflexión literaria a través da lectura, comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos estudantes, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas e enfrónaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

Os elementos de Lingua Castelá e Literatura supoñen unha progresión respecto dos saberes e habilidades adquiridos desde o inicio da vida escolar. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da lingua artículase ao redor dun eixo que é o uso social da lingua en diferentes ámbitos: privados e públicos, familiares e escolares. A materia céntrase na aprendizaxe das destrezas discursivas que poden darse en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico,

o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos achega do funcionamento da linguaxe en todas as súas dimensións, tanto relativos aos elementos formais como ás normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.

A lectura de textos diversos e a súa comprensión contribúe á adquisición de destrezas comunicativas.

A organización dos contidos non pretende xerarquizar as aprendizaxes dentro da aula, senón que responde ás destrezas básicas que debe manexar o alumnado para ampliar progresivamente a súa capacidade de comprensión e expresión oral e escrita, así como a súa educación literaria.

A forma de falar e de escoitar dunha persoa determina a percepción que os demais teñen dela. É por tanto imprescindible dotar ao alumnado de estratexias que favorezan unha correcta aprendizaxe desta dimensión oral da competencia comunicativa, e que lle asegure un manexo efectivo das situacións de comunicación nos ámbitos persoal, social, académico e profesional ao longo da súa vida. Co bloque de Comunicación oral: escoitar e falar búscase que os alumnos e alumnas vaian adquirindo as habilidades necesarias para comunicar con precisión as súas propias ideas, realizar discursos cada vez máis elaborados de acordo a unha situación comunicativa, e escoitar activamente interpretando de maneira correcta as ideas dos demais.

A lectura e a escritura son os instrumentos a través dos cales se poñen en marcha os procesos cognitivos que elaboran o coñecemento do mundo, dos demais e dun mesmo e, por tanto, desempeñan un papel fundamental como ferramentas de adquisición de novas aprendizaxes ao longo da vida. Co bloque de Comunicación escrita: ler e escribir perséguese que o alumnado sexa capaz de entender textos de distinto grao de complexidade e de xéneros diversos, e que reconstrúa as ideas explícitas e implícitas no texto co fin de elaborar o seu propio pensamento crítico e creativo. Comprender un texto implica activar unha serie de estratexias de lectura que deben practicarse na aula e proxectarse en todas as esferas da vida e en todo tipo de lectura: ler para obter información, ler para aprender a propia lingua e ler por pracer. Así mesmo, o ensino dos procesos de escritura pretende conseguir que o alumnado tome conciencia da mesma como un procedemento estruturado en tres partes: planificación do escrito, redacción a partir de borradores de escritura e revisión destes antes de redactar o texto definitivo. Do mesmo xeito, para progresar no dominio das técnicas de escritura é necesario adquirir os mecanismos que permiten diferenciar e utilizar os diferentes xéneros discursivos apropiados a cada contexto (familiar, académico, administrativo, social e profesional).

Todos os seres humanos posuímos unha capacidade innata para comunicarnos a través de elementos verbais ou extraverbais que nos permiten interactuar co mundo que nos rodea, con formas cada vez máis complexas. O bloque *Coñecemento da lingua* responde á necesidade de reflexión sobre os

mecanismos lingüísticos que regulan a comunicación, e afástase da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como un fin en si mesmos para devolverlles a súa funcionalidade orixinal: servir de base para o uso correcto da lingua.

O Coñecemento da Lingua expónse como a aprendizaxe progresiva das habilidades lingüísticas, así como a construción de competencias nos usos discursivos da linguaxe para partir do coñecemento e a reflexión necesarios para apropiarse das regras ortográficas e gramaticais imprescindibles, para falar, ler e escribir correctamente en todas as esferas da vida. Os contidos estrutúranse ao redor de catro eixos fundamentais: o primeiro é a observación reflexiva da palabra, o seu uso e os seus valores significativos e expresivos dentro dun discurso, dun texto e dunha oración; o segundo céntrase nas relacións gramaticais que se establecen entre as palabras e os grupos de palabras dentro do texto; o terceiro profunda nas relacións textuais que fundamentan o discurso e o cuarto céntrase nas variedades lingüísticas da lingua. A reflexión metalingüística está integrada na actividade verbal e en todos os niveis: discursivo, textual e oracional, e intervén nos procesos de aprendizaxe da lingua oral e a lingua escrita a través das diferentes fases de produción: planificación, textualización e revisión, o que achegará ao alumnado os mecanismos necesarios para o coñecemento activo e autónomo da súa propia lingua ao longo da vida.

O bloque Educación literaria asume o obxectivo de facer dos escolares lectores cultos e competentes, implicados nun proceso de formación lectora que continúe ao longo de toda a vida e non se cinga soamente aos anos de estudo académico. É un marco conceptual que alterna a lectura, comprensión e interpretación de obras literarias próximas aos seus gustos persoais e á súa madurez cognitiva, coa de textos literarios e obras completas que achegan o coñecemento básico sobre algunhas das achegas máis representativas da nosa literatura.

A distribución de contidos repártese ao longo das etapas da seguinte maneira. Na ESO abórdase un estudo progresivo da literatura: se parte dun achegamento aos xéneros literarios e continúa expondo progresivamente unha visión cronolóxica desde a Idade Media ata o século XX, sempre a través da selección de textos significativos. Será nos dous cursos do Bacharelato cando o alumnado profunde na relación entre o contexto sociocultural e a obra literaria.

Doutra banda, é importante favorecer a lectura libre de obras da literatura española e universal de todos os tempos e da literatura xuvenil. Trátase de conseguir lectores que continúen lendo e que se sigan formando a través da súa libre actividade lectora ao longo de toda a súa traxectoria vital: persoas críticas capaces de interpretar os significados implícitos dos textos a través dunha lectura analítica e comparada de distintos fragmentos ou obras, xa sexa dun mesmo período ou de períodos diversos da historia da literatura, aprendendo así a integrar as opinións propias e as alleas.

En resumo, esta materia persegue o obxectivo último de crear cidadáns conscientes e interesados no desenvolvemento e a mellora da súa competencia

comunicativa, capaces de interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo e de Este departamento imparte a materia de Lengua Castellana y Literatura en todos los cursos da ESO e do Bachillerato e está constituido polas seguintes profesoras, que impartirán docencia nos grupos referidos a continuación:

Belén GARCÍA MOURIZ:

● 3ª PMAR

● 4º ESO A

● 4º ESO B

María Jesús GALEGO PACHECO:

● 2º ESO A

● 2º ESO B

● 1º BACH B

● 1º BALCH LITERATURA UNIVERSAL

● 2ª BACH

María Begoña CANOSA HERMIDA:

- 1º ESO A
- 1º ESO B
- 3º ESO A
- 3º ESO B
- 1ºBACH A
- Reforzo de 1º de ESO A/ B

(Xefa de Departamento)

C- Departamento de Lingua Castelá:

A distribución de grupos e o número de alumnos por grupo figura na seguinte táboa. Debe terse en conta que o número de alumnos pode variar mínimamente nos grupos de reforzo de 1º ESO e 2º ESO. Estes constitúen grupos flexibles, polo que poden incorporarse máis alumnos ó longo do curso, e asimismo poden volver á aula de referencia alumnos que deixen de precisar reforzo. As variacións deste tipo comentaranse en reunión de departamento e serán recollidas na acta da sesión.

	1º ESO A	27	2º ESO	2º ESO A	24
	1º ESO B	28		2º ESO B	19

1ºESO	1º ESO REF	11		2º ESO REF	12
	3º ESO A	30			
	3º ESO B	28		4º ESO B	21
	3º PMAR	9			
1º BACH.	1º BACH A	29	2º BACH.		20
	1º BACH B	30			

2- OBXECTIVOS CURRICULARES DA EDUCACIÓN SECUNDARIA:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, se a houber, na lingua cooficial da Comunidade Autónoma, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

3.1 CADRO DE TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS:

3.1 1º de ESO:

TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS PARA 1º ESO			
Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar	Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir	Bloque 3. Coñecemento da lingua	Bloque 4. Educación literaria
1ª AVALIACIÓN			
<p>B1.1. Escoita activa e observación das normas básicas que favorecen a comunicación.</p> <p>B1.2. Participación en debates, coloquios e conversas espontáneas respectando as normas básicas de interacción, intervención e cortesía</p>	<p>B2.1. Lectura, comprensión, interpretación e valoración de textos escritos de ámbito persoal, educativo ou escolar, e de ámbito social.</p> <p>B2.2. Utilización progresivamente autónoma da biblioteca escolar e das tecnoloxías da información e da comunicación como fonte</p>	<p>B3.1. Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, determinante, pronome, verbo, adverbio, preposición, conxunción e interxección.</p> <p>B3.2. Coñecemento, uso e valoración das normas ortográficas e gramaticais, recoñecendo o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas para conseguir unha comunicación eficaz.</p>	<p>B4.1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura.</p>

<p>que regulan estas prácticas orais.</p>	<p>de obtención de información. Educación para o uso, o tratamento e a produción de información.</p>	<p>B3.3. Manexo de dicionarios e outras fontes de consulta en papel e formato dixital sobre o uso da lingua.</p>	
<p>2ª AVALIACIÓN</p>			
<p>B1.3. Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción e a avaliación de textos orais. Aspectos verbais e non verbais.</p> <p>B1.4. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais, e avaliación progresiva.</p>	<p>B2.3. Coñecemento e uso das técnicas e estratexias para a produción de textos escritos: planificación, obtención de datos, organización da información, redacción e revisión do texto. A escritura como proceso.</p> <p>B2.4. Produción de textos escritos e audiovisuais relacionados co ámbito persoal, co educativo ou escolar e co social.</p>	<p>B3.4. Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos.</p> <p>B3.5. Recoñecemento, uso e explicación dos recursos de modalización en función da persoa que fala ou escribe. Expresión da obxectividade e da subxectividade a través das modalidades oracionais e as referencias internas ao emisor e ao receptor nos textos.</p> <p>B3.6. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como</p>	<p>B4.1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura.</p>

		outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.	
3ª AVALIACIÓN			
B1.5. Creación de textos orais e audiovisuais que reproduzan situacións reais ou imaxinarias de comunicación.	B2.5. Produción de textos escritos e audiovisuais narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos e escritura de textos dialogados.	B3.7. Recoñecemento da diversidade lingüística propia do ámbito persoal, social e mediático. B3.8. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.	B4.2. Redacción de textos de intención literaria a partir da lectura de textos utilizando as convencións formais do xénero e con intención lúdica e creativa.

A lectura proposta para este **primeiro trimestre** será *Muerte en el priorato*, de Toti Martínez de Lezea. Para as seguintes avaliacións serán consensuadas no departamento á luz do seguimento do alumnado e recollidas en acta de reunión do Departamento.

3.2 2º de ESO:

TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS PARA 2º ESO

Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar	Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir	Bloque 3. Coñecemento da lingua	Bloque 4. Educación literaria
1ª AVALIACIÓN			
<p>B1.1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais en relación co ámbito de uso: ámbito persoal, educativo ou escolar, e social.</p> <p>B1.2. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais en relación coa súa finalidade: textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e textos argumentativos. Diálogo.</p> <p>B1.3. Escoita activa e cumprimento das normas básicas que favorecen a</p>	<p>B2.1. Coñecemento e uso das técnicas e estratexias necesarias para a comprensión de textos escritos.</p> <p>B2.2. Lectura, comprensión e interpretación de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos.</p>	<p>B3.1. Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, determinante, pronome, verbo, adverbio, preposición, conxunción e interxección.</p> <p>B3.2. Coñecemento, uso e valoración das normas ortográficas e gramaticais, recoñecendo o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas para conseguir unha comunicación eficaz.</p> <p>B3.3. Comprensión e interpretación dos compoñentes do significado das palabras: denotación e connotación.</p>	<p>B4.1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura.</p>

comunicación.			
2ª AVALIACIÓN			
<p>B1.4. Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción e a avaliación de textos orais. Aspectos verbais e non verbais.</p> <p>B1.5. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais, e avaliación progresiva.</p>	<p>B2.3. Utilización progresivamente autónoma da biblioteca escolar e das tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de obtención de información. Educación para o uso, o tratamento e a produción de información.</p> <p>B2.4. Coñecemento e uso das técnicas e as estratexias para a produción de textos escritos: planificación, obtención de datos, organización da información, redacción e revisión do texto. A escritura como proceso.</p>	<p>B3.4. Coñecemento reflexivo das relacións semánticas que se establecen entre as palabras.</p> <p>B3.5. Observación, reflexión e explicación dos cambios que afectan o significado das palabras: causas e mecanismos. Metáfora, metonimia, palabras tabú e eufemismos.</p> <p>B3.6. Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos.</p> <p>B3.7. Recoñecemento, uso e explicación dos recursos de modalización en función da persoa que fala ou escribe. Expresión da obxectividade e a subxectividade a través das modalidades oracionais e as referencias internas ao emisor e</p>	<p>B4.1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura.</p>

		ao receptor nos textos.	
3ª AVALIACIÓN			
<p>B1.6. Participación en debates, coloquios e conversas espontáneas respectando as normas básicas de interacción, intervención e cortesía que regulan estas prácticas orais.</p> <p>B1.7. Creación de textos orais e audiovisuais que reproduzan situacións reais ou imaxinarias de comunicación.</p>	<p>B2.5. Producción de textos escritos e audiovisuais relacionados co ámbito persoal, educativo ou escolar, e social.</p> <p>B2.6. Producción de textos escritos e audiovisuais narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos, e escritura de textos dialogados.</p>	<p>B3.8. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p> <p>B3.9. Recoñecemento da diversidade lingüística propia do ámbito persoal, social e mediático.</p> <p>B3.10. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.</p>	<p>B4.1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura.</p> <p>B4.2. Redacción de textos de intención literaria a partir da lectura de textos, utilizando as convencións formais do xénero e con intención lúdica e creativa.</p>

3.3 3º de ESO:

TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS PARA 3º ESO				
1ª AVALIACIÓN				
COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR	COMUNICACIÓN ESCRITA: LER E ESCRIBIR	COÑECEMENTO DA LINGUA	EDUCACIÓN LITERARIA	
<p>- Comprensión, interpretación e valoración de textos orais en relación coa súa finalidade: textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos.</p>	<p>- Lectura, comprensión e interpretación de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos.</p> <p>- Lectura, comprensión e interpretación de textos xornalísticos, publicitarios, e textos da vida cotiá.</p>	<p>- Coñecemento das orixes históricas da realidade plurilingüe de España, e valoración como fonte de enriquecemento persoal e como mostra da riqueza do noso patrimonio histórico e cultural.</p> <p>- Coñecemento, uso e valoración das normas ortográficas e gramaticais, recoñecendo o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas para conseguir unha comunicación eficaz.</p> <p>- Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, determinante, pronome, verbo, adverbio, preposición, conxunción e interxección.</p>	<p>- Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura.</p> <p>- Aproximación aos xéneros literarios e ás obras máis representativas da literatura española da Idade Media a través da lectura e explicación de fragmentos significativos e, de ser o caso, textos completos .</p>	

2ª AVALIACIÓN			
-Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción e a avaliación de textos orais. Aspectos verbais e non verbais.	- Coñecemento e uso das técnicas e estratexias para a produción de textos escritos: planificación, obtención de datos, organización da información, redacción e revisión do texto. A escritura como proceso.	-Recoñecemento, uso e explicación dos elementos constitutivos da palabra. Procedementos para formar palabras. - Recoñecemento, identificación e explicación do uso dos grupos de palabras (nominal, adxectivo, preposicional, verbal e adverbial)	-Aproximación aos xéneros literarios e ás obras máis representativas da literatura española do Renacemento a través da lectura e explicación de fragmentos significativos e, de ser o caso, textos completos

		e das relacións que se establecen entre os elementos que os conforman no marco da oración simple.	
3ª AVALIACIÓN			
- Observación, reflexión, comprensión e valoración do sentido global dos debates, os coloquios e as conversacións espontáneas, da intención comunicativa de cada interlocutor/a, e aplicación das normas básicas que os regulan.	- Producción de textos escritos e audiovisuais narrativos, descritivos, instructivos, expositivos e argumentativos e escritura de textos dialogados.	- Recoñecemento, uso e explicación dos elementos constitutivos da oración simple: suxeito e predicado e dos complementos do predicado. - Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos.	- Aproximación aos xéneros literarios e ás obras máis representativas da literatura española do Barroco a través da lectura e explicación de fragmentos significativos e, de ser o caso, textos completos

As lecturas propostas neste curso para a **1ª avaliación**, serán as seguintes:

Lazarillo de Tormes, en editorial de Vicens Vives. Clásicos Adaptados; como lectura de obra clásica. E *Desnuda*, de Jordi Sierra i Fabra ou ben *El rostro de la sombra*, de Alfredo Gómez Cerdá; como recomendacións de lecturas xuvenís.

Según avance o curso, iránse recomendando os títulos das últimas avaliacións tendo en conta as características dos grupos e o seu nivel de aprendizaxe. Sempre se combinará unha lectura clásica con unha máis achegada ós intereses actuais do alumnado.

3.3.1 3º de PMAR: A programación deste nivel preséntase en anexo ó final do documento.

3.4 4º de ESO:

TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS PARA 4º ESO				
1ª AVALIACIÓN				
COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR	COMUNICACIÓN ESCRITA: LER E ESCRIBIR	COÑECEMENTO DA LINGUA	EDUCACIÓN LITERARIA	
<p>1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais en relación co ámbito de uso: persoal, educativo, social e laboral.</p> <p>2. Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción de textos orais.</p> <p>3. Valoración da lingua oral como instrumento de aprendizaxe, como medio para transmitir coñecementos, ideas e sentimentos, e como ferramenta para regular a conduta.</p>	<p>1.Coñecemento e uso progresivo de técnicas e estratexias de comprensión escrita.</p> <p>2.Lectura comprensiva, interpretación e valoración de textos escritos en relación cos ámbitos persoal, educativo, social e laboral.</p> <p>3. Coñecemento e uso das técnicas e as estratexias para a produción de textos escritos: planificación, obtención de datos, organización da información, redacción e revisión.</p>	<p>1.Observación, reflexión e explicación dos valores expresivos e do uso das categorías gramaticais, con especial atención ao adxectivo, aos tipos de determinantes e aos pronomes.</p> <p>2.Observación, reflexión e explicación dos valores expresivos e do uso das formas verbais en textos con diferente intención comunicativa.</p> <p>3.Observación, reflexión e explicación do uso expresivo dos prefixos e sufixos, recoñecendo os que teñen orixe grega e latina, explicando o significado que lle achegan á raíz léxica e a súa capacidade para a formación e a creación de novas palabras.</p> <p>4.Observación, reflexión e explicación dos niveis de significado de palabras e expresións no</p>	<p>1.Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura.</p> <p>2. Aproximación ás obras máis representativas da literatura española desde o século XVIII ao XIX a través da lectura e a explicación de fragmentos significativos e, de ser o caso, obras completas. Reflexión e superación de estereotipos de xénero, clase, crenzas, etc.</p> <p>3.Redacción de textos de intención literaria a partir da lectura de textos do século XX, utilizando as convencións</p>	

		discurso oral ou escrito.	formais do xénero seleccionado e con intención lúdica e creativa.
2ª AVALIACIÓN			
<p>1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais en relación coa súa finalidade: textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos. Diálogo.</p> <p>2. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias para falar en público e dos instrumentos de autoavaliación en prácticas orais formais ou informais.</p>	<p>1. Lectura, comprensión, interpretación e valoración de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados.</p> <p>2. Produción de textos escritos e audiovisuais narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados.</p>	<p>1. Observación, reflexión e explicación dos límites sintácticos e semánticos da oración simple e a composta, das palabras que relacionan os grupos que forman parte desta e dos seus elementos constitutivos.</p> <p>2. Coñecemento, uso e valoración das normas ortográficas e gramaticais, recoñecendo o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas na escritura para obter unha comunicación eficiente.</p> <p>3. Observación, reflexión, explicación e uso dos trazos característicos que permiten diferenciar e clasificar os xéneros textuais, con especial atención aos discursos expositivos e</p>	<p>1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura.</p> <p>2. Aproximación ás obras máis representativas da literatura española da 1ª metade do século XX a través da lectura e a explicación de fragmentos significativos e, de ser o caso, obras completas. Reflexión e superación de estereotipos de xénero, clase, crenzas, etc.</p>

		<p>argumentativos.</p> <p>4. Observación, reflexión e explicación do uso de conectores textuais e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais (substitucións pronominais) como léxicos (elipses e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos).</p>	<p>3.Redacción de textos de intención literaria a partir da lectura de textos do século XX, utilizando as convencións formais do xénero seleccionado e con intención lúdica e creativa.</p>
3ª AVALIACIÓN			
<p>1. Coñecemento, comparación, uso e valoración das normas de cortesía da comunicación oral que regulan as conversas espontáneas e outras prácticas discursivas orais propias dos medios de comunicación. Debate.</p> <p>2.Creación de textos orais e audiovisuais que reproduzan situación reais ou imaxinarias de comunicación.</p>	<p>1. Producción de textos escritos e audiovisuais propios dos ámbitos persoal, educativo, social e laboral.</p> <p>2. Interese pola composición escrita como fonte de información e aprendizaxe, como forma de comunicar as experiencias e os coñecementos propios, e como instrumento de enriquecemento persoal e profesional.</p>	<p>1. Coñecemento dos rexistros e dos factores que inciden no uso da lingua en distintos ámbitos sociais, e valoración da importancia de utilizar o rexistro adecuado segundo as condicións da situación comunicativa.</p> <p>2. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	<p>1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura.</p> <p>2.Aproximación ás obras máis representativas da literatura española desde a 2ª metade do século XX aos nosos días a través da lectura e a explicación de fragmentos significativos e, de ser o caso, obras completas. Reflexión e superación de estereotipos de xénero, clase,</p>

		3. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.	crezas, etc. 3.Redacción de textos de intención literaria a partir da lectura de textos do século XX, utilizando as convencións formais do xénero seleccionado e con intención lúdica e creativa.
--	--	--	--

3.5 1º de Bacharelato:

TEMPORALIZACIÓN DE CONTIIDOS PARA 1º BACHARELATO			
Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar	Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir	Bloque 3. Coñecemento da lingua	Bloque 4. Educación literaria
1ª AVALIACIÓN			
B1.1. Comunicación oral non espontánea no	B2.1. A comunicación escrita no ámbito educativo.	B3.1. Substantivo: caracterización morfolóxica, sintáctica e semántica.	B4.1. Estudo das obras máis representativas da literatura española desde a Idade Media ata o século XIX, a

<p>ámbito educativo: o seu proceso e a situación comunicativa.</p>	<p>B2.2. Comprensión, produción e organización de textos expositivos escritos do ámbito educativo.</p>	<p>B3.2. Adxectivo: caracterización morfolóxica, sintáctica e semántica.</p> <p>B3.3. Verbo: flexión verbal; perífrase verbal.</p> <p>B3.4. Pronome: tipoloxía e valores gramaticais.</p> <p>B3.5. Determinantes: tipoloxía e usos.</p> <p>B3.6. Recoñecemento das diferenzas entre pronomes e determinantes. Relacións gramaticais.</p>	<p>través da lectura e a análise de fragmentos e obras significativas.</p> <p>B4.2. Análise de fragmentos ou obras completas significativas desde a Idade Media ao século XIX, identificando as súas características temáticas e formais en relación co contexto, o movemento, o xénero ao que pertence e a obra do/da autora, e constatando a evolución histórica de temas e formas.</p>
<p>2ª AVALIACIÓN</p>			
<p>B1.2. Textos expositivos e argumentativos orais.</p> <p>B1.3. Xéneros textuais orais propios do ámbito educativo.</p>	<p>B2.3. Comprensión, produción e organización de textos escritos procedentes dos medios de comunicación social: xéneros informativos, e de opinión e publicidade.</p>	<p>B3.7. Adverbio: tipoloxía e valores gramaticais.</p> <p>B3.8. Preposicións, conxuncións e interxeccións: tipoloxía e valores gramaticais.</p> <p>B3.9. Observación, reflexión e explicación das estruturas sintácticas simples e complexas. Conexións lóxicas e semánticas nos textos.</p> <p>B3.10. Observación, reflexión e</p>	<p>B4.3. Desenvolvemento da autonomía lectora e aprecio pola literatura como fonte de pracer e de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas.</p> <p>B4.4. Interpretación crítica de fragmentos ou obras significativas desde a Idade Media ao século XIX, detectando as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural. Reflexión e superación de estereotipos de xénero, clase, crenzas, etc.</p>

		<p>explicación das formas de organización textual.</p> <p>B3.11. Recoñecemento e explicación das propiedades textuais. Os seus procedementos. Modalidade.</p> <p>B3.12. Procedementos para a obtención, o tratamento e a avaliación da información procedente de fontes impresas e dixitais. Educación para o uso, o tratamento e a produción de información.</p>	
3ª AVALIACIÓN			
<p>B1.4. Comprensión e produción de textos orais procedentes dos medios de comunicación social. Recursos.</p>	<p>B2.4. Procedementos para a obtención, o tratamento e a avaliación da información procedente de fontes impresas e dixitais. Educación para o uso, o tratamento e a produción de información.</p>	<p>B3.13. Coñecemento e explicación da pluralidade lingüística de España. As súas orixes históricas.</p> <p>B3.14. Recoñecemento e explicación das variedades funcionais da lingua.</p> <p>B3.15. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	<p>B4.5. Planificación e elaboración de traballos educativo escritos ou presentacións sobre a literatura desde a Idade Media ata o século XIX, obtendo a información de fontes diversas e achegando un xuízo crítico persoal e argumentado con rigor.</p> <p>B4.6. Composición de textos escritos con intención literaria e conciencia de estilo.</p>

		B3.16. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.	
--	--	--	--

As lecturas propostas neste curso para a **1ª avaliación**, serán as seguintes:

Lazarillo de Tormes, en calquera das editoriais que presenten o texto íntegro e revisado (Cátedra, Austral, Vicens Vives...) e *La Celestina*, ed. Banbú. Letras mayúsculas. Estas dúas como obras clásicas. Como obras xuvenís: *Cordeluna*, de Elia Barceló, ou *Nadie nos oye*, de Nando López.

Según avance o curso, iránse recomendando os títulos das últimas avaliacións tendo en conta as características dos grupos e o seu nivel de aprendizaxe. Sempre se combinará unha lectura clásica con unha máis achegada ós intereses actuais do alumnado. Iránse tomando notas nas reunións.

3.5.1 1º de Bacharelato. Literatura Universal:

Literatura Universal. 1º de bacharelato	
Bloque 1. Procesos e estratexias	Bloque 2. Os grandes períodos e movementos da literatura universal
1ª AVALIACIÓN	

B1.1. Lectura e comentario de fragmentos, antoloxías e obras completas significativas da literatura universal.

B1.2. Relacións entre obras literarias e o resto das artes.

B1.3. Observación, recoñecemento e valoración da evolución de temas e formas creados pola literatura nas diversas formas artísticas da cultura universal. Selección e análise de exemplos representativos. Superación de estereotipos (de xénero, clase, crenzas, etc.).

B1.4. Observación, recoñecemento e valoración da evolución de temas e formas creados pola literatura nas diversas formas artísticas da cultura universal. Selección e análise de exemplos representativos.

B2.1. Da Antigüidade á Idade Media: As mitoloxías e a orixe da literatura.

B2.2. Renacemento e Clasicismo:

– Os cambios do mundo e a nova visión do home durante o Renacemento.

– A lírica do amor: o petrarquismo. Orixes: a poesía trobadoresca e o Dolce Stil Nuovo. A innovación do Cancioneiro de Petrarca. Lectura e comentario dunha antoloxía lírica e dalgún conto da época.

– A narración en prosa: Boccaccio.

– Teatro clásico europeo. O teatro isabelino en Inglaterra. Comezo do mito de Fausto dentro da literatura. Lectura e comentario dunha obra de teatro clásico. Observación das relacións existentes entre as obras de teatro clásicas e as obras de diferentes xéneros musicais e cinematográficos que xurdiron a partir delas.

B2.3. O Século das Luces:

– O desenvolvemento do espírito crítico: a Ilustración. A Enciclopedia. A prosa ilustrada.

– A novela europea no século XVIII. Os herdeiros de Cervantes e da picaresca española na literatura inglesa.

– Lectura comentada dalgunha novela europea da prosa ilustrada e dalgún fragmento de novela inglesa do século XVIII.

2ª AVALIACIÓN

<p>B1.1. Lectura e comentario de fragmentos, antoloxías e obras completas significativas da literatura universal.</p> <p>B1.2. Relacións entre obras literarias e o resto das artes.</p> <p>B1.3. Observación, recoñecemento e valoración da evolución de temas e formas creados pola literatura nas diversas formas artísticas da cultura universal. Selección e análise de exemplos representativos. Superación de estereotipos (de xénero, clase, crenzas, etc.).</p> <p>B1.4. Observación, recoñecemento e valoración da evolución de temas e formas creados pola literatura nas diversas formas artísticas da cultura universal. Selección e análise de exemplos representativos.</p>	<p>B2.4. O movemento romántico:</p> <ul style="list-style-type: none">– A revolución romántica: conciencia histórica e novo sentido da ciencia.– O Romanticismo e a súa conciencia de movemento literario. Precusores: Goethe.– A poesía romántica e a novela histórica.– Lectura e comentario dunha antoloxía de poetas románticos europeos e dalgún fragmento de novela histórica.– Observación das relacións existentes entre as obras literarias do romanticismo e as obras de diferentes xéneros musicais (sinfonías, poemas sinfónicos, lieder, óperas), cinematográficos e teatrais que xurdiron a partir delas. <p>B2.5. A segunda metade do século XIX:</p> <ul style="list-style-type: none">– Da narrativa romántica ao Realismo en Europa. Literatura e sociedade. Evolución dos temas e as técnicas narrativas do Realismo. Principais novelistas europeos do século XIX. Lectura e comentario dunha antoloxía de fragmentos de novelas realistas.– O nacemento da gran literatura norteamericana (1830-1890). Da experiencia vital á literatura. O renacemento do conto. Lectura e comentario dalgúns contos da segunda
--	--

	<p>metade do século XIX.</p>
--	------------------------------

3ª AVALIACIÓN

B1.1. Lectura e comentario de fragmentos, antoloxías e obras completas significativas da literatura universal.

B1.2. Relacións entre obras literarias e o resto das artes.

B1.3. Observación, recoñecemento e valoración da evolución de temas e formas creados pola literatura nas diversas formas artísticas da cultura universal. Selección e análise de exemplos representativos. Superación de estereotipos (de xénero, clase, crenzas, etc.).

- Expoñer oralmente un tema ou determinadas ideas sobre él utilizando unha linguaxe adecuada e mantendo a atención do receptor.
- Identificar o xénero literario ao que pertence un texto e recoñecer nel os recursos retóricos máis destacados.
- Ler aplicando as estratexias adecuadas e valorar a lectura como fonte de pracer, información e aprendizaxe.
- Utilizar técnicas adecuadas de revisión dos propios escritos.
- Detectar nas mensaxes orais e escritas os usos da linguaxe que supoñan calquera tipo de discriminación.

- Identificar as categorías gramaticais.
- Recoñecer os distintos complementos que integran a oración simple.
- Coñecer a literatura española desde as súas primeiras manifestacións ata o século XVIII.

4.4 Criterios de avaliación para 4º de ESO:

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar		
B1.1. Comprender, interpretar e valorar textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo ou escolar, e social.	LCLB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo e laboral, identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante.	CCL
	LCLB1.1.2. Anticipa ideas e infire datos do emisor e do contido do texto, analizando fontes de procedencia non verbal.	CCL
	LCLB1.1.3. Retén información relevante e extrae informacións concretas.	CCL
	LCLB1.1.4. Distingue as partes en que se estruturan as mensaxes orais e a relación entre discurso e contexto.	CCL
	LCLB1.1.5. Distingue entre información e opinión en mensaxes procedentes dos medios de comunicación, e entre información e persuasión en mensaxes publicitarias orais, identificando as estratexias de enfatización e expansión.	CSC
	LCLB1.1.6. Segue e interpreta instrucións orais.	CCL
B1.2. Comprender, interpretar e valorar textos orais de diferente tipo.	LCLB1.2.1. Comprende o sentido global de textos orais de intención narrativa, descritiva, instrutiva, expositiva e argumentativa, identificando a estrutura e a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a	CCL

	intención comunicativa do/da falante.	
	LCLB1.2.2. Anticipa ideas e infire datos do emisor e do contido do texto, analizando fontes de procedencia non verbal.	CCL
	LCLB1.2.3. Retén información relevante e extrae informacións concretas.	CAA
	LCLB1.2.4. Interpreta e valora aspectos concretos do contido de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos, emitindo xuízos razoados e relacionándoos con conceptos persoais, para xustificar un punto de vista particular.	CAA CCL
	LCLB1.2.5. Utiliza progresivamente os instrumentos adecuados para localizar o significado de palabras ou enunciados descoñecidos (demanda axuda, busca en dicionarios, lembra o contexto en que aparece, etc.).	CD
	LCLB1.2.6. Resume textos narrativos, descritivos, expositivos e argumentativos de forma clara, recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen lóxicamente e semanticamente.	CAA
B1.3. Comprender o sentido global e a intención de textos orais.	LCLB1.3.1. escoita, observa e interpreta o sentido global de debates, coloquios e conversas espontáneas identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa e a postura de cada participante, así como as diferenzas formais e de contido que regulan os intercambios comunicativos formais e os espontáneos.	CSC
	LCLB1.3.2. Recoñece e explica as características da linguaxe conversacional (cooperación, espontaneidade, economía e subxectividade) nas conversas espontáneas.	CCL
	LCLB1.3.3. Observa e analiza as intervencións particulares de cada participante nun debate, coloquio ou conversa espontánea tendo en conta o ton empregado, a linguaxe que utiliza, o contido e o grao de respecto cara ás opinións das demais persoas.	CCL

	LCLB1.3.4. Identifica o propósito, a tese e os argumentos das persoas participantes en debates, faladoiros e entrevistas procedentes dos medios de comunicación audiovisual, valorando de forma crítica aspectos concretos da súa forma e o seu contido.	CCL
	LCLB1.3.5. Recoñece e asume as regras de interacción, intervención e cortesía que regulan os debates e calquera intercambio comunicativo oral.	CSC
B1.4. Recoñecer, interpretar e avaliar progresivamente as producións orais propias e alleas, así como os aspectos prosódicos e os elementos non verbais (xestos, movementos, ollada, etc.).	LCLB1.4.1. Coñece o proceso de produción de discursos orais e valora a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.	CCL
	LCLB1.4.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre, volume, etc.) a ollada, a colocación, a linguaxe corporal, a xestión de tempos e o emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.	CCL
	LCLB1.4.3. Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para melloralas.	CAA
B1.5. Valorar a lingua oral como instrumento de aprendizaxe, como medio para transmitir coñecementos, ideas e sentimentos, e como ferramenta para regular a conduta.	LCLB1.5.1. Utiliza e valora a lingua como un medio para adquirir, procesar e transmitir novos coñecementos, para expresar ideas e sentimentos, e para regular a conduta.	CCL
B1.6. Aprender a falar en público, en situacións formais ou informais, de xeito individual ou en grupo.	LCLB1.6.1. Realiza presentacións orais de forma individual ou en grupo, planificando o proceso de oralidade, organizando o contido, consultando fontes de información diversas, xestionando o tempo e transmitindo a información de xeito coherente, aproveitando vídeos, gravacións ou outros soportes dixitais.	CD
	LCLB1.6.2. Realiza intervencións non planificadas, dentro da aula, analizando e comparando as similitudes e as diferenzas entre discursos formais e espontáneos.	CCL
	LCLB1.6.3. Incorpora progresivamente palabras propias	CCL

	do nivel formal da lingua nas súas prácticas orais.	
	LCLB1.6.4. Pronuncia con corrección e claridade, modulando e adaptando a súa mensaxe á finalidade da práctica oral.	CCL
	LCLB1.6.5. Resume oralmente exposicións, argumentacións, intervencións públicas, etc., recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen lxicamente e semanticamente.	CAA
	LCLB1.6.6. Aplica os coñecementos gramaticais á avaliación e á mellora da expresión oral, recoñecendo en exposicións orais propias ou alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, impropiedades léxicas, pobreza e repetición de conectores etc.).	CCL
B1.7. Coñecer, comparar, usar e valorar as normas de cortesía nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas, e nas prácticas discursivas orais propias dos medios de comunicación.	LCLB1.7.1. Coñece, valora e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral.	CCL
	LCLB1.7.2. Analiza criticamente debates e faladoiros procedentes dos medios de comunicación, recoñecendo neles a validez dos argumentos e valorando criticamente a súa forma e o seu contido.	CCL
	LCLB1.7.3. Participa activamente nos debates escolares, respectando as regras de intervención, interacción e cortesía que os regulan, utilizando unha linguaxe non discriminatoria.	CSC
B1.8. Reproducir situacións reais ou imaxinarias de comunicación potenciando o desenvolvemento progresivo das habilidades sociais, a expresión verbal e non verbal, e a representación de realidades, sentimentos e emocións.	LCLB1.8.1. Dramatiza e improvisa situacións reais ou imaxinarias de comunicación.	CCEC
Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir		
B2.1. Aplicar diferentes estratexias de lectura comprensiva e crítica de textos	LCLB2.1.1. Comprende textos de diversa índole pondo en práctica diferentes estratexias de lectura e autoavaliación da súa propia comprensión en función do obxectivo e o tipo de texto, actualizando coñecementos previos, traballando os erros de comprensión e construíndo o	CCL

	significado global do texto.	
	LCLB2.1.2. Localiza, relaciona e secuencia as informacións explícitas dos textos.	CCL
	LCLB2.1.3. Infire a información relevante dos textos, identificando a idea principal e as secundarias, e establecendo relacións entre elas.	CMCCT
	LCLB2.1.4. Constrúe o significado global dun texto ou de frases do texto demostrando unha comprensión plena e detallada deste.	CCL
	LCLB2.1.5. Fai conexións entre un texto e o seu contexto, integrándoo e avaliándoo criticamente, e realizando hipóteses sobre el.	CAA
	LCLB2.1.6. Comprende o significado de palabras propias do nivel culto da lingua que incorpora ao seu repertorio léxico, e recoñecendo a importancia de enriquecer o seu vocabulario para expresarse con exactitude e precisión.	CCL
B2.2. Ler, comprender, interpretar e valorar textos escritos en diferentes soportes e formatos.	LCLB2.2.1. Recoñece e expresa o tema, as ideas principais, a estrutura e a intención comunicativa de textos escritos propios dos ámbitos persoal, educativo, social e laboral, e de relacións con organizacións, identificando a tipoloxía textual seleccionada (narración, exposición, etc.), a organización do contido e o formato utilizado.	CCL
	LCLB2.2.2. Identifica os trazos diferenciais dos xéneros xornalísticos informativos e de opinión (noticias, reportaxes, editoriais, artigos e columnas, cartas á dirección, comentarios e crítica).	CSC
	LCLB2.2.3. Comprende e explica os elementos verbais e os non verbais, e a intención comunicativa dun texto publicitario procedente dos medios de comunicación.	CCL
	LCLB2.2.4. Localiza informacións explícitas nun texto e relaciónaas entre si e co contexto, secuênciaas e deduce informacións ou valoracións implícitas.	CCL
	LCLB2.2.5. Interpreta o sentido de palabras, expresións,	CCL

	frases ou pequenos fragmentos extraídos dun texto en función do seu sentido global.	
	LCLB2.2.6. Interpreta, explica e deduce a información dada en esquemas, mapas conceptuais, diagramas, gráficas, fotografías, etc.	CAA CMCCT
B2.3. Manifestar unha actitude crítica ante a lectura de calquera tipo de textos ou obras literarias a través dunha lectura reflexiva que permita identificar posturas de acordo ou desacordo, respectando sempre as opinións dos demais.	LCLB2.3.1. Identifica e expresa as posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.	CCL
	LCLB2.3.2. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto.	CAA CCL
	LCLB2.3.3. Respecta as opinións das demais persoas.	CSC
B2.4. Seleccionar os coñecementos que se obteñan das bibliotecas ou de calquera outra fonte de información impresa en papel ou dixital, integrándoos nun proceso de aprendizaxe continua.	LCLB2.4.1. Utiliza de forma autónoma diversas fontes de información, integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.	CCL
	LCLB2.4.2. Coñece e manexa habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital, dicionarios de dúbida e irregularidades da lingua, etc.	CCL CD
	LCLB2.4.3. Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc.	CCL CAA
B2.5. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.	LCLB2.5.1. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.).	CCL
	LCLB2.5.2. Redacta borradores de escritura.	CCL CAA
	LCLB2.5.3. Escribe textos en diferentes soportes usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas, e respectando as normas gramaticais e ortográficas.	CCL
	LCLB2.5.4. Revisa o texto en varias fases para aclarar problemas co contido (ideas, estrutura, etc.) ou coa forma (puntuación, ortografía, gramática e presentación).	CCL CAA
	LCLB2.5.5. Avalía, utilizando guías, a súa propia	CAA

	producción escrita e a dos/das seus/súas compañeiros/as.	
	LCLB2.5.6. Reescribe textos propios e alleos aplicando as propostas de mellora que se deducen da avaliación da produción escrita.	CCL
B2.6. Escribir textos en relación co ámbito de uso.	LCLB2.6.1. Redacta con claridade e corrección textos propios dos ámbitos persoal, educativo, social e laboral.	CCL
	LCLB2.6.2. Redacta con claridade e corrección textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos, adecuándose aos trazos propios da tipoloxía seleccionada.	CCL
	LCLB2.6.3. Utiliza variados organizadores textuais nos seus escritos.	CCL
	LCLB2.6.4. Resume o contido de calquera tipo de texto, recollendo as ideas principais con coherencia e cohesión e expresándoas cun estilo propio, evitando reproducir literalmente as palabras do texto.	CAA
	LCLB2.6.5. Realiza esquemas e mapas conceptuais que estruturen o contido dos textos traballados.	CAA
	LCLB2.6.6. Explica por escrito o significado dos elementos visuais que poidan aparecer nos textos (gráficas, imaxes, etc.).	CCL
B2.7. Valorar a importancia da lectura e a escritura como ferramentas de adquisición das aprendizaxes e como estímulo do desenvolvemento persoal.	LCLB2.7.1. Produce textos diversos recoñecendo na escritura o instrumento que é capaz de organizar o seu pensamento.	CCL
	LCLB2.7.2. Utiliza nos seus escritos palabras propias do nivel formal da lingua que incorpora ao seu repertorio léxico, e recoñece a importancia de enriquecer o seu vocabulario para expresarse oralmente e por escrito con exactitude e precisión.	CCL
	LCLB2.7.3. Valora e incorpora progresivamente unha actitude creativa ante a lectura e a escritura.	CCEC
	LCLB2.7.4. Coñece e utiliza ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación, participando,	CD

	intercambiando opinións, comentando e valorando escritos alleos, ou escribindo e dando a coñecer os seus propios.	
Bloque 3. Coñecemento da lingua		
B3.1. Recoñecer e explicar os valores expresivos que adquiren determinadas categorías gramaticais en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen, con especial atención a adxectivos, determinantes e pronomes.	LCLB3.1.1. Explica os valores expresivos que adquiren algúns adxectivos, determinantes e pronomes en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen.	CCL
B3.2. Recoñecer e explicar os valores expresivos que adquiren as formas verbais en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen.	LCLB3.2.1. Recoñece e explica os valores expresivos que adquiren as formas verbais en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen.	CCL
B3.3. Recoñecer e explicar o significado dos principais prefixos e sufixos, e as súas posibilidades de combinación para crear novas palabras, identificando os que proceden do latín e do grego.	LCLB3.3.1. Recoñece os procedementos para a formación de palabras novas e explica o valor significativo dos prefixos e dos sufixos.	CCL
	LCLB3.3.2. Forma substantivos, adxectivos, verbos e adverbios a partir doutras categorías gramaticais, utilizando diversos procedementos lingüísticos.	CCL
	LCLB3.3.3. Coñece o significado dos principais prefixos e sufixos de orixe grecolatina e utilízalos para deducir o significado de palabras descoñecidas.	CAA
B3.4. Identificar os niveis de significado de palabras ou expresións en función da intención comunicativa do discurso oral ou escrito onde aparecen.	LCLB3.4.1. Explica todos os valores expresivos das palabras que gardan relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen.	CCL
	LCLB3.4.2. Explica con precisión o significado de palabras, e usa a acepción adecuada en relación ao contexto en que aparecen.	CCL
B3.5. Usar correcta e eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en formato dixital, para resolver dúbidas sobre o uso correcto da lingua e para progresar na aprendizaxe autónoma.	LCLB3.5.1. Utiliza os dicionarios e outras fontes de consulta en papel e formato dixital, resolve eficazmente as súas dúbidas sobre o uso correcto da lingua e progresa na aprendizaxe autónoma.	CD
B3.6. Explicar e describir os trazos que determinan os límites oracionais para recoñecer a estrutura das oracións	LCLB3.6.1. Transforma e amplía oracións simples en oracións compostas, usando conectores e outros	CCL

compostas.	procedementos de substitución para evitar repeticións.	
	LCLB3.6.2. Recoñece a palabra nuclear que organiza sintacticamente e semanticamente un enunciado, así como os elementos que se agrupan arredor dela.	CMCCT
	LCLB3.6.3. Recoñece a equivalencia semántica e funcional entre o adxectivo, o substantivo e algúns adverbios con oracións de relativo, substantivas e adverbais respectivamente, transformando e ampliando adxectivos, substantivos e adverbios en oracións subordinadas e inseríndoas como constituíntes doutra oración.	CCL
	LCLB3.6.4. Utiliza de forma autónoma textos da vida cotiá para a observación, reflexión e explicación sintáctica.	CCL
B3.7. Aplicar os coñecementos sobre a lingua para resolver problemas de comprensión e expresión de textos orais e escritos e para a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos.	LCLB3.7.1. Revisa os seus discursos orais e escritos aplicando correctamente as normas ortográficas e gramaticais, recoñecendo o seu valor social para obter unha comunicación eficiente.	CCL
B3.8. Identificar e explicar as estruturas dos xéneros textuais, con especial atención ás estruturas expositivas e argumentativas, para utilizalas nas súas producións orais e escritas.	LCLB3.8.1. Identifica e explica as estruturas dos xéneros textuais, con especial atención ás expositivas e argumentativas, e utilízalas nas propias producións orais e escritas.	CCL
	LCLB3.8.2. Coñece os elementos da situación comunicativa que determinan os usos lingüísticos (tema, propósito, destinatario, xénero textual, etc.).	CSC CCL
	LCLB3.8.3. Describe os trazos lingüísticos máis sobresalientes de textos expositivos e argumentativos, relacionándoos coa intención comunicativa e o contexto en que se producen.	CCL
	LCLB3.8.4. Recoñece nun texto os procedementos lingüísticos para a expresión da subxectividade, e utilízalos nas producións propias.	CCL
B3.9. Recoñecer en textos de diversa índole e usar nas producións propias orais e escritas os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna, tanto	LCLB3.9.1. Recoñece e utiliza a substitución léxica como un procedemento de cohesión textual.	CCL
	LCLB3.9.2. Identifica, explica e usa distintos tipos de	CCL

gramaticais como léxicos.	conectores de causa, consecuencia, condición e hipótese, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna que proporcionan cohesión a un texto.	
B3.10. Recoñecer e utilizar os rexistros lingüísticos en función dos ámbitos sociais, valorando a importancia de utilizar o rexistro adecuado a cada momento.	LCLB3.10.1. Recoñece os rexistros lingüísticos en textos orais ou escritos en función da intención comunicativa e do seu uso social.	CCL
	LCLB3.10.2. Valora a importancia de utilizar o rexistro adecuado a cada situación comunicativa, e aplícao nos seus discursos orais e escritos.	CSC
B3.11. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.	LCLB3.11.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CCL CAA
B3.12. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	LCLB3.12.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.	CAA
Bloque 4. Educación literaria		
B4.1. Favorecer a lectura e comprensión de obras literarias da literatura española e universal de todos os tempos e da literatura xuvenil.	LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos e ás súas afeccións.	CCL
	LCLB4.1.2. Valora algunha das obras de lectura libre, resumindo o contido, explicando os aspectos que máis chamaron a súa atención e o que a lectura lle achegou como experiencia persoal.	CCEC
	LCLB4.1.3. Desenvolve progresivamente o seu propio criterio estético perseguindo como única finalidade o pracer pola lectura.	CSIEE
B4.2. Promover a reflexión sobre a conexión entre a literatura e o resto das artes.	LCLB4.2.1. Desenvolve progresivamente a capacidade de reflexión observando, analizando e explicando a relación existente entre manifestacións artísticas de todas as	CCL

	épocas (música, pintura, cine, etc.).	
	LCLB4.2.2. Recoñece e comenta o mantemento ou a evolución de personaxes-tipo, temas e formas ao longo dos diversos períodos histórico-literarios, ata a actualidade.	CCEC
	LCLB4.2.3. Compara textos literarios e pezas dos medios de comunicación que respondan a un mesmo tópico, observando, analizando e explicando os puntos de vista segundo o medio, a época ou a cultura, e valorando e criticando o que le ou ve.	CSC
B4.3. Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento de lecer e diversión que permite explorar mundos diferentes aos nosos, reais ou imaxinarios.	LCLB4.3.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as.	CCL
	LCLB4.3.2. Traballa en equipo determinados aspectos das lecturas propostas ou seleccionadas polos alumnos, investigando e experimentando de forma progresivamente autónoma.	CSC CSIEE
	LCLB4.3.3. Le en voz alta, modulando e adecuando a voz, apoiándose en elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal.	CCL
	LCLB4.3.4. Dramatiza fragmentos literarios breves desenvolvendo progresivamente a expresión corporal como manifestación de sentimentos e emocións, respectando as producións das demais persoas.	CCEC
B4.4. Comprender textos literarios representativos desde o século XVIII aos nosos días, recoñecendo a intención do/da autor/a, o tema e os trazos propios do xénero ao que pertence, e relacionando o seu contido co contexto sociocultural e literario da época, ou doutras épocas, e expresando a relación con xuízos persoais razoados.	LCLB4.4.1. Le e comprende unha selección de textos literarios representativos da literatura desde o século XVIII aos nosos días, identificando o tema, resumindo o seu contido e interpretando a linguaxe literaria.	CCL
	LCLB4.4.2. Expresa a relación entre o contido da obra, a intención do/da autor/a e o contexto, e o mantemento de temas e formas, emitindo xuízos persoais razoados.	CAA
B4.5. Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.	LCLB4.5.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados, seguindo as convencións do xénero e con intención lúdica e creativa.	CCL

	LCLB4.5.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos.	CAA
B4.6. Consultar e citar adecuadamente fontes de información variadas para realizar un traballo educativo en soporte impreso ou dixital sobre un tema do currículo de literatura, adoptando un punto de vista crítico e persoal, e utilizando as tecnoloxías da información.	LCLB4.6.1. Consulta e cita adecuadamente varias fontes de información para desenvolver por escrito, con rigor, claridade e coherencia, un tema relacionado co currículo de Literatura.	CCL CD
	LCLB4.6.2. Achega nos seus traballos escritos ou orais conclusións e puntos de vista persoais e críticos sobre as obras literarias, expresándose con rigor, claridade e coherencia.	CCL CSIEE
	LCLB4.6.3. Utiliza recursos variados das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización dos seus traballos educativos.	CD

Critérios mínimos esixibles para 4º ESO:

- Extraer a idea fundamental de textos orais e escritos de diferente tipo.
- Resumir textos orais e escritos.
- Escribir textos sinxelos de distintos tipos organizando xerárquicamente o seu contido.
- Expoñer oralmente un tema ou determinadas ideas sobre él utilizando unha linguaxe adecuada e mantendo a atención do receptor.
- Identificar o xénero literario ao que pertence un texto e recoñecer nel os recursos retóricos máis destacados.
- Ler aplicando as estratexias adecuadas e valorar a lectura como fonte de pracer, información e aprendizaxe.
- Utilizar técnicas adecuadas de revisión dos propios escritos.
- Detectar nas mensaxes orais e escritos os usos da linguaxe que supoñan calquera tipo de discriminación.
- Identificar as categorías gramaticais e realizar análise morfolóxicos identificando morfemas das palabras.
- Recoñecer os distintos complementos que integran a oración simple e a oración composta.
- Coñecer a literatura española do século XIX e XX.

4.5 Criterios de avaliación para 1º de Bacharelato:

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar		
B1.1. Expor oralmente un tema especializado con rigor e claridade, documentándose en fontes diversas, organizando a información mediante esquemas, seguindo unha orde preestablecida e utilizando as técnicas de exposición oral e as tecnoloxías da información e da comunicación.	LCL1B1.1.1. Realiza exposicións orais sobre temas especializados, consultando fontes de información diversa, utilizando as tecnoloxías da información e seguindo unha orde previamente establecida.	CD
	LCL1B1.1.2. Exprésase oralmente con fluidez, coa entoación, o ton, timbre e a velocidade adecuados ás condicións da situación comunicativa.	CCL
	LCL1B1.1.3. Axusta a súa expresión verbal ás condicións da situación comunicativa (tema, ámbito discursivo, tipo de destinatario, etc.) empregando un léxico preciso e especializado e evitando o uso de coloquialismos, retrousos e palabras comodín.	CSC
	LCL1B1.1.4. Avalía as súas propias presentacións orais e as dos/das seus/súas compañeiros/as, detecta as dificultades estruturais e expresivas, e diseña estratexias para mellorar as súas prácticas orais e progresar na aprendizaxe autónoma.	CAA
B1.2. Sintetizar por escrito o contido de textos orais de carácter expositivo e argumentativo sobre temas especializados, conferencias, clases, charlas, videoconferencias, etc., discriminando a información relevante e accesoria, e utilizando a escoita activa como un medio de adquisición de coñecementos.	LCL1B1.2.1. Sintetiza por escrito textos orais de carácter expositivo, de temas especializados e propios do ámbito educativo, discriminando a información relevante.	CCL
	LCL1B1.2.2. Recoñece as formas de organización do contido nunha exposición oral sobre un tema especializado propio do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural, analiza os recursos verbais e non verbais empregados polo emisor, e valóraos en función dos elementos da situación comunicativa.	CCL
	LCL1B1.2.3. Escoita de xeito activo, toma notas e suscita	CAA

	preguntas coa intención de aclarar ideas que non comprendeu nunha exposición oral.	
B1.3. Extraer información de textos orais e audiovisuais dos medios de comunicación, recoñecendo a intención comunicativa, o tema e a estrutura do contido, identificando os trazos propios do xénero xornalístico e os recursos verbais e non verbais utilizados, e valorando de forma crítica a súa forma e o seu contido.	LCL1B1.3.1. Recoñece os trazos propios dos principais xéneros informativos e de opinión procedentes dos medios de comunicación social.	CSC
	LCL1B1.3.2. Analiza os recursos verbais e non verbais utilizados polo emisor dun texto xornalístico oral ou audiovisual, valorando de forma crítica a súa forma e o seu contido.	CSC
Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir		
B2.1. Desenvolver por escrito un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical, empregando distintas estruturas expositivas (comparación, problema-solución, enumeración, causa-consecuencia, ordenación cronolóxica, etc.) e utilizando os recursos expresivos adecuados ás condicións da situación comunicativa.	LCL1B2.1.1. Desenvolve por escrito un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical.	CCL
	LCL1B2.1.2. Axusta a súa expresión verbal ás condicións da situación comunicativa (tema, ámbito discursivo, tipo de destinatario, etc.), empregando un léxico preciso e especializado, e evitando o uso de coloquialismos, retrousos e palabras comodín.	CSC
	LCL1B2.1.3. Avalía as súas propias producións escritas e as dos/das seus/súas compañeiros/as, recoñecendo as dificultades estruturais e expresivas, e deseñando estratexias para mellorar a súa redacción e avanzar na aprendizaxe autónoma.	CAA
B2.2. Sintetizar o contido de textos expositivos e argumentativos de tema especializado, discriminando a información relevante e accesoria, e utilizando a lectura como un medio de adquisición de coñecementos.	LCL1B2.2.1. Comprende textos escritos de carácter expositivo de tema especializado, propios do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural, e identifica o tema e a estrutura.	CCL
	LCL1B2.2.2. Sintetiza textos de carácter expositivo, de tema especializado, propios do ámbito educativo, distinguindo as ideas principais e secundarias.	CMCCT
	LCL1B2.2.3. Analiza os recursos verbais e non verbais presentes nun texto expositivo de tema especializado e valóraos en función dos elementos da situación comunicativa (intención comunicativa do/da autor/a,	CSC

	tema e xénero textual).	
B2.3. Ler, comprender e interpretar textos xornalísticos e publicitarios de carácter informativo e de opinión, recoñecendo a intención comunicativa, identificando os trazos propios do xénero e os recursos verbais e non verbais utilizados, e valorando de forma crítica a súa forma e o seu contido.	LCL1B2.3.1. Resume o contido de textos xornalísticos escritos informativos e de opinión, discriminando a información relevante, recoñecendo o tema e a estrutura do texto, e valorando de forma crítica a súa forma e o seu contido.	CCL
	LCL1B2.3.2. Interpreta diversos anuncios impresos identificando a información e a persuasión, recoñecendo os elementos que utiliza o emisor para seducir o receptor, valorando criticamente a súa forma e o seu contido, e rexeitando as ideas discriminatorias.	CSC
B2.4. Realizar traballos de investigación sobre temas do currículo ou da actualidade social, científica ou cultural, planificando a súa realización, obtendo a información de fontes diversas e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación para a súa realización, a súa avaliación e a súa mellora.	LCL1B2.4.1. Realiza traballos de investigación planificando a súa realización, fixando os seus propios obxectivos, organizando a información en función dunha orde predefinida, revisando o proceso de escritura para mellorar o produto final e chegando a conclusións persoais.	CAA
	LCL1B2.4.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para documentarse, consultando fontes diversas e avaliando, contrastando, seleccionando e organizando a información relevante mediante fichas-resumo.	CD
	LCL1B2.4.3. Respecta as normas de presentación de traballos escritos (organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina e bibliografía).	CCL
	LCL1B2.4.4. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a realización, a avaliación e a mellora de textos escritos propios e alleos.	CD
Bloque 3. Coñecemento da lingua		
B3.1. Aplicar sistematicamente os coñecementos sobre as categorías gramaticais na realización, autoavaliación e mellora dos textos orais e escritos, tomando conciencia da importancia do coñecemento gramatical para o uso	LCL1B3.1.1. Revisa e mellora textos orais e escritos propios e alleos, recoñecendo e explicando incorreccións de concordancia, réxime verbal, ambigüidades semánticas, etc.	CCL

correcto da lingua.	LCL1B3.1.2. Utiliza a terminoloxía gramatical adecuada para a explicación lingüística dos textos.	CCL
B3.2. Recoñecer e identificar os trazos característicos das categorías gramaticais (substantivo, adxectivo, verbo, pronomes, artigos e determinantes), e explicar os seus usos e valores nos textos.	LCL1B3.2.1. Identifica e explica os usos e valores do substantivo nun texto, en relación coa intención comunicativa do emisor e a tipoloxía textual seleccionada, así como con outros compoñentes da situación comunicativa (audiencia e contexto).	CCL
	LCL1B3.2.2. Identifica e explica os usos e os valores do adxectivo nun texto, en relación coa intención comunicativa do emisor e a tipoloxía textual seleccionada, así como con outros compoñentes da situación comunicativa (audiencia e contexto).	CCL
	LCL1B3.2.3. Identifica e explica os usos e valores do verbo nun texto, en relación coa intención comunicativa do emisor e a tipoloxía textual seleccionada, así como con outros compoñentes da situación comunicativa (audiencia e contexto).	CCL
	LCL1B3.2.4. Identifica e explica os usos e valores dos pronomes nun texto, en relación coa intención comunicativa do emisor e a tipoloxía textual seleccionada, así como con outros compoñentes da situación comunicativa (audiencia e contexto).	CCL
	LCL1B3.2.5. Identifica e explica os usos e valores do artigo determinado e do indeterminado, e de calquera tipo de determinantes, en relación coa súa presenza ou ausencia coa intención comunicativa do emisor e a tipoloxía textual seleccionada, así como con outros compoñentes da situación comunicativa (audiencia e contexto).	CCL
B3.3. Aplicar progresivamente os coñecementos sobre estruturas sintácticas dos enunciados para a realización, autoavaliación e mellora de textos orais e escritos, tomando conciencia da importancia do coñecemento gramatical para o uso correcto da lingua.	LCL1B3.3.1. Recoñece a estrutura sintáctica da oración simple, explicando a relación entre os grupos de palabras.	CCL
	LCL1B3.3.2. Recoñece as oracións activas, pasivas, impersoais e medias, contrastando as diferenzas entre elas en función da intención comunicativa do texto en que aparecen.	CCL

	LCL1B3.3.3. Recoñece e explica o funcionamento das oracións subordinadas substantivas en relación co verbo da oración principal.	CCL
	LCL1B3.3.4. Recoñece e explica o funcionamento das oracións subordinadas de relativo, identificando o antecedente que modifican.	CCL
	LCL1B3.3.5. Enriquece os seus textos orais e escritos incorporando progresivamente estruturas sintácticas variadas e aplicando os coñecementos adquiridos para a revisión e a mellora destes.	CCL
B3.4. Recoñecer os trazos propios das tipoloxías textuais identificando a súa estrutura e os trazos lingüísticos máis importantes en relación coa intención comunicativa.	LCL1B3.4.1. Recoñece e explica os trazos estruturais e lingüísticos dos textos narrativos, descritivos, expositivos e argumentativos.	CCEC
	LCL1B3.4.2. Analiza e explica os trazos formais dun texto nos planos morfosintáctico, léxico-semántico e pragmático-textual, relacionando o seu emprego coa intención comunicativa do emisor e o resto de condicións da situación comunicativa.	CCL
B3.5. Aplicar os coñecementos adquiridos para a elaboración de discursos orais ou escritos con adecuada coherencia e cohesión.	LCL1B3.5.1. Incorpora os procedementos de cohesión textual na súa propia produción oral e escrita.	CCL
	LCL1B3.5.2. Identifica, analiza e interpreta as formas gramaticais que fan referencia ao contexto temporal e espacial, e aos participantes na comunicación.	CCL
	LCL1B3.5.3. Valora os recursos expresivos empregados polo emisor dun texto en función da súa intención comunicativa e do resto dos elementos da situación comunicativa, diferenciando e explicando as marcas de obxectividade e de subxectividade, e os procedementos gramaticais de inclusión do emisor no texto.	CSC
B3.6. Coñecer e manexar fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas sobre o uso correcto da lingua e avanzar na aprendizaxe autónoma.	LCL1B3.6.1. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas sobre o uso correcto da lingua e para avanzar na aprendizaxe autónoma.	CD
B3.7. Coñecer a orixe e a evolución das linguas de España	LCL1B3.7.1. Explica, a partir dun texto, a orixe e a	CSC

e as súas principais variedades dialectais, recoñecendo e explicando os seus trazos característicos en manifestacións orais e escritas, e valorando a diversidade lingüística como parte do patrimonio cultural do noso país.	evolución das linguas de España, así como as súas principais variedades dialectais, e valora a diversidade lingüística como parte do noso patrimonio cultural.	
B3.8. Recoñecer os usos sociais e funcionais da lingua, amosando interese por ampliar o seu propio repertorio verbal e evitar os prexuízos e estereotipos lingüísticos.	LCL1B3.8.1. Selecciona o léxico e as expresións adecuadas en contextos comunicativos que esixen un uso formal da lingua, evitando o uso de coloquialismos, imprecisións ou expresións clixé.	CCL
	LCL1B3.8.2. Explica, a partir dos textos, a influencia do medio social no uso da lingua, e identifica e rexeita os estereotipos lingüísticos que supoñen unha valoración pexorativa cara ás persoas usuarias da lingua.	CSC
B3.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.	LCL1B3.9.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CCL CAA
B3.10. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	LCL1B3.10.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.	CAA
Bloque 4. Educación literaria		
B4.1. Realizar o estudo das obras máis representativas da literatura española desde a Idade Media ata o século XIX a través da lectura e a análise de fragmentos e obras significativas.	LCL1B4.1.1. Le e analiza fragmentos e obras significativas desde a Idade Media ao século XIX.	CCEC
B4.2. Ler e analizar fragmentos ou obras completas significativas desde a Idade Media ao século XIX, identificando as súas características temáticas e formais en relación co contexto, o movemento, o xénero ao que pertence e a obra do/da autor/a, e constatando a	LCL1B4.2.1. Identifica as características temáticas e formais en relación co contexto, o movemento e o xénero ao que pertence e a obra do/da autor/a.	CAA
	LCL1B4.2.2. Compara textos de diferentes épocas e constata a evolución de temas e formas.	CCEC

evolución histórica de temas e formas.		
B4.3. Interpretar criticamente fragmentos ou obras significativas desde a Idade Media ao século XIX, detectando as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural.	LCL1B4.3.1. Interpreta criticamente fragmentos ou obras significativas desde a Idade Media ao século XIX.	CCEC
	LCL1B4.3.2. Detecta as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural.	CCEC
B4.4. Planificar e elaborar textos de intención literaria, traballos de investigación escritos ou presentacións sobre temas, obras ou autores/as da literatura desde a Idade Media ata o século XIX, obtendo a información de fontes diversas e achegando un xuízo crítico persoal e argumentado con rigor.	LCL1B4.4.1. Planifica a elaboración de traballos de investigación escritos ou presentacións sobre temas, obras ou autores/as da literatura desde a Idade Media ata o século XIX.	CSIEE
	LCL1B4.4.2. Obtén a información de fontes diversas.	CD
	LCL1B4.4.3. Argumenta con rigor o seu propio xuízo crítico.	CCL

Grao mínimo de consecución para superar a materia de 1º Bacharelato:

1. Comprender a intención comunicativa e captar a relación entre a idea xeral e as secundarias de textos escritos e ser capaz de xerarquizar as ideas en principais e secundarias.
2. Narrar, expoñer, resumir, explicar e comentar, en soporte papel e dixital, usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade e cohesión, respectando as normas gramaticais e ortográficas, e valorando a importancia de planificar e revisar o texto.
3. Recoñecer e usar os mecanismos das estruturas gramaticais e empregar unha terminoloxía adecuada (sintagmas, funcións sintácticas...).
4. Analizar morfolóxicamente e coñecer os rasgos específicos dos sustantivos, adxectivos, verbos, determinantes, pronomes, preposicións e conxuncións.
5. Definir e exemplificar as principais relacións semánticas e de significado entre elementos léxicos.
8. Ler con regularidade textos narrativos e exponer as cuestións relevantes da obra: argumento, personaxes, lugar, tempo e narrador.

9. Ler textos poéticos e identificar os rasgos formais do xénero: métrica, recursos retóricos, símbolos... e a súa funcionalidade no poema.
10. Recoñecer as distintas modalidades do texto dramático e distinguir os séus subxéneros.
11. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos e para a composición e revisión dos textos propios deste curso.
12. Adquirir técnicas de búsqueda de información en bibliotecas e internet par a elaboración de traballos de investigación.
13. Profundizar no análise de textos literarios e interpretalos desde posturas críticas.
14. Redactar de forma autónoma un comentario literario indicando as características xerais dos movementos artísticos máis relevantes desde a Idade Media ata o século XIX (ambos inclusive) e matizando os rasgos definatorios do autor e do texto concreto que se está a comentar.

4.6 Criterios de avaliación para 2º Bacharelato:

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar		
B1.1. Escoitar de forma activa e analizar textos orais argumentativos e expositivos procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial, identificando os trazos propios do seu xénero, relacionando os aspectos formais do texto coa intención comunicativa do emisor e co resto dos factores da situación comunicativa.	LCL2B1.1.1. Recoñece as formas de organización do contido nunha argumentación oral, analizando os recursos verbais e non verbais empregados polo emisor e valorándoos en función dos elementos da situación comunicativa.	CCL
	LCL2B1.1.2. Analiza os recursos verbais e non verbais presentes en textos orais argumentativos e expositivos procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial, relacionando os aspectos formais e expresivos coa intención do emisor, o xénero	CCL

	textual e o resto dos elementos da situación comunicativa.	
B1.2. Sintetizar o contido de textos expositivos e argumentativos orais do ámbito educativo (conferencias e mesas redondas), diferenciando a información relevante e accesoria, e utilizando a escoita activa como un medio de adquisición de coñecementos.	LCL2B1.2.1. Sintetiza por escrito o contido de textos orais argumentativos e expositivos procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, discriminando a información relevante.	CAA
B1.3. Extraer información de textos orais xornalísticos e publicitarios procedentes dos medios de comunicación social, recoñecendo a intención comunicativa, o tema, a estrutura e o contido, identificando os trazos propios do xénero xornalístico e os recursos verbais e non verbais utilizados, e valorando de forma crítica a súa forma e o seu contido.	LCL2B1.3.1. Interpreta diversos anuncios sonoros e audiovisuais, identificando a información e a persuasión, recoñecendo os elementos que utiliza o emisor para seducir o receptor, valorando criticamente a súa forma e o seu contido, e rexeitando as ideas discriminatorias.	CSC
B1.4. Realizar unha presentación educativa oral sobre un tema controvertido, contrapondo puntos de vista enfrontados, defendendo unha opinión persoal con argumentos convincentes e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación para a súa realización, avaliación e mellora.	LCL2B1.4.1. Planifica, realiza e avalía presentacións educativas orais de forma individual ou en grupo sobre un tema polémico de carácter educativo ou da actualidade social, científica ou cultural, analizando posturas enfrontadas e defendendo unha opinión propia mediante argumentos convincentes.	CCL CSC
	LCL2B1.4.2. Compila información e apoios audiovisuais ou gráficos, consultando fontes de información diversa e utilizando correctamente os procedementos de cita.	CD
	LCL2B1.4.3. Clasifica e estrutura a información obtida, elaborando un guión da presentación.	CMCCT
	LCL2B1.4.4. Exprésase oralmente con claridade, precisión e corrección, axustando a súa actuación verbal e non verbal ás condicións da situación comunicativa, e utilizando os recursos expresivos propios do rexistro formal.	CCL
	LCL2B1.4.5. Avalía as súas presentacións orais e as dos/das seus/súas compañeiros/as, detectando as dificultades estruturais e expresivas, e deseñando estratexias para mellorar as súas prácticas orais e progresar na aprendizaxe autónoma.	CAA

Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir		
B2.1. Comprender e producir textos expositivos e argumentativos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, identificando a intención do emisor, resumindo o seu contido, diferenciando a idea principal e explicando o modo de organización.	LCL2B2.1.1. Comprende o sentido global de textos escritos de carácter expositivo e argumentativo propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, identificando a intención comunicativa do emisor e a súa idea principal.	CCL
	LCL2B2.1.2. Sintetiza textos de carácter expositivo e argumentativo propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, diferenciando as ideas principais e as secundarias.	CAA
	LCL2B2.1.3. Analiza a estrutura de textos expositivos e argumentativos procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, identificando os tipos de conectores e organizadores da información textual.	CCL
	LCL2B2.1.4. Produce textos expositivos e argumentativos propios usando o rexistro adecuado a intención comunicativa, organizando os enunciados en secuencias lineais cohesionadas e respectando as normas ortográficas e gramaticais, e revisa a súa produción escrita para melloralá.	CCL
B2.2. Escribir textos expositivos e argumentativos propios do ámbito educativo con rigor, claridade e corrección, empregando argumentos adecuados e convincentes, e axustando a súa expresión á intención comunicativa e ao resto das condicións da situación comunicativa.	LCL2B2.2.1. Desenvolve por escrito un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical, aplicando os coñecementos gramaticais e pragmáticos, para mellorar a expresión escrita.	CCL
	LCL2B2.2.2. Nas súas producións escritas axusta a súa expresión ás condicións da situación comunicativa (tema, ámbito discursivo, tipo de destinatario, xénero textual, etc), empregando os recursos expresivos propios do rexistro formal e evitando o uso de coloquialismos.	CCL
	LCL2B2.2.3. Avalía as súas propias producións escritas e as dos/das seus/súas compañeiros/as, recoñecendo as dificultades estruturais e expresivas, recorrendo a obras de consulta tanto impresas como dixitais para a súa	CAA

	corrección, e deseñando estratexias para mellorar a súa redacción e avanzar na aprendizaxe autónoma.	
B2.3. Realizar traballos educativos individuais ou en grupo sobre temas polémicos do currículo ou da actualidade social, científica ou cultural, planificando a súa realización, contrastando opinións enfrontadas, defendendo unha opinión persoal e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación para a súa realización, avaliación e mellora.	LCL2B2.3.1. Realiza traballos educativos individuais e en grupo sobre un tema controvertido do currículo ou da actualidade social, cultural ou científica, planificando a súa realización, fixando os seus propios obxectivos, contrastando posturas enfrontadas, e organizando e defendendo unha opinión propia mediante distintos tipos de argumentos.	CSIEE
	LCL2B2.3.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para documentarse, consultando fontes diversas, avaliando, contrastando, seleccionando e organizando a información relevante mediante fichas-resumo.	CD
	LCL2B2.3.3. Respecta as normas de presentación de traballos escritos: organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía...	CCL
B2.4. Analizar textos escritos argumentativos e expositivos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, identificando os seus trazos formais característicos e relacionando as súas características expresivas coa intención comunicativa e co resto dos elementos da situación comunicativa.	LCL2B2.4.1. Describe os trazos morfosintácticos, léxico-semánticos e pragmático-textuais presentes nun texto expositivo ou argumentativo procedente dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, utilizando a terminoloxía gramatical adecuada e pondo de manifesto a súa relación coa intención comunicativa do emisor e cos trazos propios do xénero textual.	CCL
	LCL2B2.4.2. Recoñece, describe e utiliza os recursos gramaticais (substitución pronominal, uso reiterado de determinadas estruturas sintácticas, correlación temporal, etc.) e léxico-semánticos (substitución por sinónimos, hipónimos e hiperónimos, reiteracións léxicas, etc.) que proporcionan cohesión aos textos escritos.	CCL
	LCL2B2.4.3. Recoñece e explica os procedementos de cita (estilo directo, indirecto ou indirecto libre, e cita encuberta) presentes en textos expositivos e argumentativos, así como a súa función no texto.	CCL

Bloque 3. Coñecemento da lingua		
B3.1. Recoñecer e explicar o proceso de formación das palabras en español, aplicando os coñecementos adquiridos para a mellora, a comprensión e o enriquecemento do vocabulario activo.	LCL2B3.1.1. Explica os procedementos de formación das palabras diferenciando entre raíz e afixos, e explicando o seu significado.	CCL
	LCL2B3.1.2. Recoñece e explica a procedencia grecolatina de grande parte do léxico español e valora o seu coñecemento para a dedución do significado de palabras descoñecidas.	CAA
B3.2. Recoñecer e identificar os trazos característicos das categorías gramaticais, e explicar os seus usos e valores nos textos.	LCL2B3.2.1. Identifica e explica os usos e os valores das categorías gramaticais, en relación coa intención comunicativa do emisor, coa tipoloxía textual seleccionada e con outros compoñentes da situación comunicativa (audiencia e contexto).	CCL
	LCL2B3.2.2. Selecciona o léxico e a terminoloxía adecuados en contextos comunicativos que esixen un uso formal e especializado da lingua, evitando o uso de coloquialismos, imprecisións ou expresións clixé.	CSC
B3.3. Identificar e explicar os niveis de significado das palabras ou expresións en función da intención comunicativa do discurso oral ou escrito en que aparecen.	LCL2B3.3.1. Explica con propiedade o significado de palabras ou expresións, diferenciando o seu uso denotativo e connotativo, e relacionándoo coa intención comunicativa do emisor.	CCL
	LCL2B3.3.2. Recoñece, analiza e interpreta as relacións semánticas entre as palabras (sinonimia, antonimia, hiperonimia, polisemia e homonimia) como procedemento de cohesión textual.	CCL
B3.4. Observar, reflexionar e explicar as estruturas sintácticas dun texto, sinalando as conexións lóxicas e semánticas que se establecen entre elas.	LCL2B3.4.1. Recoñece as estruturas sintácticas e explica a relación funcional e de significado que establecen co verbo da oración principal, empregando a terminoloxía gramatical adecuada.	CCL
B3.5. Aplicar os coñecementos sobre estruturas sintácticas dos enunciados para a realización, a autoavaliación e a mellora de textos orais e escritos, tomando conciencia da importancia do coñecemento gramatical para o uso correcto da lingua.	LCL2B3.5.1. Enriquece os seus textos orais e escritos incorporando estruturas sintácticas variadas e aplicando os coñecementos adquiridos para a revisión e a mellora destes.	CCL
	LCL2B3.5.2. Aplica os coñecementos adquiridos sobre as	CSIEE

	estruturas sintácticas dos enunciados para a realización, autoavaliación e mellora dos propios textos orais e escritos, tomando conciencia da importancia do coñecemento gramatical para o uso correcto da lingua.	
B3.6. Aplicar os coñecementos sobre o funcionamento da lingua á comprensión, á análise e ao comentario de textos de distinto tipo procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial, relacionando os usos lingüísticos (marcas de obxectividade e subxectividade; referencias deícticas temporais, espaciais e persoais, e procedementos de cita) coa intención comunicativa do emisor e o resto dos elementos da situación comunicativa.	LCL2B3.6.1. Recoñece, analiza e explica as características lingüísticas e os recursos expresivos de textos procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial, relacionando os usos lingüísticos coa intención comunicativa do emisor e o resto dos elementos da situación comunicativa, e utilizando a análise para afondar na comprensión do texto.	CCL
	LCL2B3.6.2. Aplica os coñecementos sobre o funcionamento da lingua á comprensión, á análise e ao comentario de textos de distinto tipo procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial, relacionando os usos lingüísticos (marcas de obxectividade e subxectividade; referencias deícticas temporais, espaciais e persoais, e procedementos de cita) coa intención comunicativa do emisor e o resto dos elementos da situación comunicativa.	CSIEE
	LCL2B3.6.3. Recoñece e explica os procedementos de inclusión do emisor e do receptor no texto.	CCL
	LCL2B3.6.4. Recoñece e explica as referencias deícticas, temporais, espaciais e persoais nos textos.	CCL
	LCL2B3.6.5. Recoñece, explica e utiliza os procedementos de cita.	CCL
	LCL2B3.6.6. Revisa textos escritos propios e alleos, recoñecendo e explicando as súas incorreccións (concordancias, réxime verbal, ambigüidades sintácticas, coloquialismos, etc.), con criterios gramaticais e terminoloxía apropiada, co obxecto de mellorar a expresión escrita e avanzar na aprendizaxe autónoma.	CAA
B3.7. Explicar a forma de organización interna dos textos	LCL2B3.7.1. Recoñece, explica e utiliza en textos propios e	CCL

expositivos e argumentativos.	alleos as formas de estruturar os textos expositivos e argumentativos.	
B3.8. Reflexionar sobre a relación entre os procesos de produción e recepción dun texto, recoñecendo a importancia que para a súa comprensión teñen os coñecementos previos que se posúen a partir de lecturas anteriores que se relacionan con el.	LCL2B3.8.1. Expressa as súas experiencias de lectura de obras de diferente tipo, xénero, etc., e as súas experiencias persoais en relación co novo texto, para chegar a unha mellor comprensión e interpretación deste.	CCL
B3.9. Coñecer a situación do español no mundo, as súas orixes históricas e os seus trazos característicos, e valor as súas variantes.	LCL2B3.9.1. Coñece a situación actual da lingua española no mundo diferenciando os usos específicos da lingua no ámbito dixital.	CSC
	LCL2B3.9.2. Coñece as orixes históricas do español en América e as súas principais áreas xeográficas, recoñecendo nun texto oral ou escrito algúns dos trazos característicos e valorando as súas variantes.	CSC
B3.10. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.	LCL2B3.10.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CCL CAA
B3.11. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	LCL2B3.11.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.	CAA
Bloque 4. Educación literaria		
B4.1. Coñecer os aspectos temáticos e formais dos principais movementos literarios do século XX ata os nosos días, así como os autores e obras máis significativos.	LCL2B4.1.1. Desenvolve por escrito con coherencia e corrección as características temáticas e formais dos principais movementos do século XX ata os nosos días, mencionando os autores e obras máis representativas.	CCEC
B4.2. Ler e analizar textos literarios representativos da historia da literatura do século XX ata os nosos días, identificando as características temáticas e formais, en relación co contexto, o movemento, o xénero ao que	LCL2B4.2.1. Analiza fragmentos literarios ou, de ser o caso, de obras completas do século XX ata os nosos días, relacionando o contido e as formas de expresión coa traxectoria e o estilo do/da seu/súa autor/a, o seu xénero	CCEC

pertence e a obra do/da autor/a, e constatando a evolución histórica de temas e formas.	e o movemento literario ao que pertence.	
	LCL2B4.2.2. Compara textos de diferentes épocas, e describe a evolución de temas e formas.	CCEC
B4.3. Interpretar de xeito crítico fragmentos ou obras da literatura do século XX ata os nosos días, recoñecendo as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural.	LCL2B4.3.1. Interpreta de xeito crítico fragmentos ou obras completas significativos da literatura do século XX ata os nosos días, recoñecendo as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural.	CSC
B4.4. Desenvolver por escrito un tema da historia da literatura do século XX ata os nosos días, expondo as ideas con rigor, claridade e coherencia, e achegando unha visión persoal.	LCL2B4.4.1. Desenvolve por escrito un tema da historia da literatura do século XX ata os nosos días, expondo as ideas con rigor, claridade, coherencia e corrección, e achegando unha visión persoal.	CCL
B4.5. Elaborar un traballo de carácter educativo en soporte impreso ou dixital sobre un tema do currículo de literatura consultando fontes diversas, adoptando un punto de vista crítico e persoal, e utilizando as tecnoloxías da información.	LCL2B4.5.1. Le textos informativos en papel ou en formato dixital sobre un tema do currículo de literatura do século XX ata os nosos días, extraendo a información relevante para ampliar coñecementos sobre o tema.	CAA

Grao mínimo de consecución para superar 2º Bacharelato:

1. Coñecer os libros de lectura obrigatorios empregando guías de lectura para a consolidación da autonomía lectora como fonte de pracer e de profundización no coñecemento dos autores seleccionados e da súa obra.
2. Comprender o discurso literario como fenómeno comunicativo e estético, camiño de transmisión cultural e expresión da realidade histórica e social de distintas épocas.
3. Leer con madurdez crítica e redactar comentarios de obras e de textos literarios empregando as catro destrezas básicas de expresión oral/escrita e comprensión oral/escrita.
4. Sistematizar e analizar as propiedades textuais (coherencia, xerarquía de ideas, ordenación e adecuación)
5. Analizar o tema, a estrutura organizativa e rasgos lingüísticos de textos procedentes do ámbito académico e divulgativo.

6. Compoñer e expoñer textos propios desenvolvendo a capacidade crítica e reflexiva con respecto, especialmente, aos de carácter informativo, interpretativo e artigos de opinión.
7. Coñecer e analizar a lingua no nivel morfolóxico: clases de palabras e procedementos de creación de palabras novas (derivación, composición , parasíntese...)
8. Coñecer e analizar o nivel sintáctico (tipos de sintagmas, función sintácticas, oración simple e oración composta, recoñecendo neste último bloque os nexos adecuados para a identificación das relación existentes)
9. Coñecer e analizar o nivel semántico (organización léxica das palabras e clasificación do léxico español –cultismos, extranxerismos, palabras patrimoniais, etc- e recoñecer e definir fenómenos semánticos –homonimia, sinonimia, antonimia, etc
10. Analizar evolución histórica das formas literarias dende o século XVIII ata a actualidade, atendendo ó marco histórico e cultural e á súa relación cos autores e obras máis destacados.
11. Coñecer e valora-las obras e os autores máis representativos da literatura dos século XX.

5- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

5.1 INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN 1º DE ESO. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Os criterios de cualificación organízanse atendendo aos seguintes aspectos:

- 1) Traballo na casa: Valorarase ata 1,25 puntos.** O profesor tomará nota no seu diario de clase do traballo realizado ou non realizado polo alumno, penalizando este último con un -0'15 por cada negativo.
- 2) Caderno do alumno: valorarase ata 1,25 puntos.** O profesor revisará dito caderno mínimo unha vez por avaliación e valorará de acordo coa rúbrica que se adxunta a esta programación e que será presentada previamente en clase ó alumnado.

3) Actitude: valorarase ata 0'5 puntos. O profesor terá en conta á atención do alumno ás explicacións, a participación activa na aula, o respecto ás normas de convivencia e levar a clase o material necesario (libro de texto, libreta, libro de lectura). Cada anotación negativa en este sentido, restará 0'1 do total co que se valora este apartado.

4) Libro de lectura: De lectura conxunta na aula en voz alta unha sesión semanal. Faise comprensión do lido en cada sesión. Trátase de que a lectura de dita novela contribúa sempre a mellorar a calificación final do alumno en función da súa implicación na tarefa. Normalmente, o traballo de lectura en voz alta e exposición do lido serve ó profesor para perfilar a nota global nunhas décimas (redondear).

5) Probas trimestrais: valorarase ata 7 puntos. Cada trimestre realizaranse dúas probas nas que se recollan os contidos impartidos durante ese período.

Para sumar a nota dos apartados **1, 2, 3 e 4** será necesario alcanzar **un mínimo de 2,5 puntos** na calificación das probas conceptuais, que tan so poderán facer media entre sí cando en cada unha delas o alumno alcance igualmente o **2,5**.

Dado o **carácter continuo da avaliación de esta asignatura**, para superar a materia do curso será obligatorio aprobar a terceira avaliación e polo menos unha das dúas anteriores. No caso de que o alumno aprobe a terceira avaliación máis unha das anteriores pero a nota media de todo o curso sexa inferior a 5 e superior a 4, decidirá o profesor a conveniencia de que aprobe en xuño ou de que se presente na convocatoria de setembro valorando o esforzo e a progresión na adquisición dos coñementos dos últimos meses.

En todos os exames valorarase negativamente con -0,1 cada **falta de ortografía**, podendo chegar a descontar un máximo de 1 punto por este concepto.

As **faltas a exames** teñen que estar debidamente xustificadas mediante un documento oficial (certificado médico, requerimento judicial o similar) para que o profesor poida repetir a proba.

5.2 INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN 2º DE ESO. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

1. Probas escritas dos contidos avaliábeis. Faranse polo menos dúas probas escritas. Estas probas suporán o 60% da nota da avaliación.

Nestas probas valorarase a ortografía, a sintaxe, a competencia léxica, a inventiva na creación de textos, a capacidade de expresión, coherencia e cohesión e os coñecementos teóricos.

- Poderanse descontar ata 0.5 puntos por erros continuados ortográficos.
- Poderanse descontar ata 0.5 puntos por carencias na coherencia e cohesión de textos.
- Poderanse descontar ata 0.5 puntos pola falta de adecuación no emprego dos rexistros lingüísticos adecuados e pola presentación incorrecta da proba.

2. Lectura dun libro e traballo sobre o mesmo. 10%.

Cada avaliación o alumnado elixirá un libro de lectura. Trala lectura elaborará un traballo tendo en conta o guión dado pola profesora. Realizará unha exposición oral sobre o contido do mesmo. Valorarase a madurez, o esforzo, a presentación, o grao de comprensión do libro, a redacción, a expresión oral e escrita e a entrega dentro do prazo.

3. Caderno de actividades creativas. 10%

Cada semana a profesora indicará ao alumnado as pautas para a escritura dun relato, poema, artigo de opinión, etc.. Estes textos serán lidos na clase en voz alta. Valorarase o esforzo, a entrega dentro do prazo, a orixinalidade, o afán por superar as dificultades lingüísticas, a verosimilitude dos relatos.

4. Caderno de traballo diario (actividades feitas na casa ou en clase) 10%

O caderno da materia serve para observar o traballo do alumno, o seu interese pola materia e o seu esforzo. Este debe conter os exercicios que se fan día a día: resumos, esquemas, comentarios, redaccións, información buscada en diferentes medios... Valóranse tanto os contidos como o esforzo que a súa realización supuxese, así como a presentación, orde, claridade, limpeza, corrección no manexo da lingua e capacidade de autocorrección.

5. Exposicións orais, traballos en grupo. 10%

Empregaranse rúbricas nas que se valorarán os seguintes aspectos: espírito crítico, esforzo e traballo, claridade na exposición. Nos traballos en grupo valorarase a participación de todos os compoñentes, a distribución das tarefas encomendadas a cada uno, a organización dos materiais aportados por cada uno de los membros del grupo, a madurez do traballo realizado, así como las fontes de información utilizadas e los criterios selectivos empregados na súa elaboración.

A avaliación será continua, pero na nota final se terá en conta o traballo de cada avaliación e a evolución do mesmo. A cualificación final será o resultado da media ponderada na que o 30% corresponde á media resultante entre ás dúas primeiras avaliacións e o 70% á terceira. Hai que ter en conta que cómpre obter máis dun 3 sobre 10 na terceira avaliación para poder facer a media. Non haberá proba de recuperación final na convocatoria ordinaria.

Na convocatoria extraordinaria aqueles alumnos e alumnas que non alcanzasen o aprobado na convocatoria ordinaria realizarán unha proba escrita sobre os contidos mínimos avaliados de toda a materia. Para superar a materia será preciso obter nesta proba unha nota non inferior a 5.

5.3 INSTRUMENTOS E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN 3º DE ESO. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Os criterios de cualificación orgánzanse atendendo aos seguintes aspectos:

1.- Probas escritas ou exames: Farase como mínimo unha proba escrita por trimestre. Por falta de tempo para resolver a proba completa (**comprensión, expresión, gramática e literatura**) nunha sesión de clase, poderase dividir o exame para resolvelo en dúas sesións. Nela, o alumno deberá demostrar o dominio do contido concreto do trimestre pero tamén a madurez e coherencia na exposición de ideas e a corrección da linguaxe empregada, tanto gramatical como ortograficamente. Polo tanto, valoraranse a ortografía, a sintaxe, a competencia léxica, a inventiva na creación de textos, a capacidade de expresión, coherencia e cohesión e os coñecementos teóricos.

Poderase descontar **ata 1 punto** por erros ortográficos, erros na coherencia e cohesión de textos, na adecuación dos rexistros lingüísticos empregados ou pola presentación incorrecta da proba.

Valorárase este apartado cun 80% sobre a nota global da avaliación.

2. Caderno de clase : O caderno da materia serve para observar o traballo do alumno, o seu interese pola materia e o seu esforzo. Este debe conter os exercicios, resumos, esquemas, comentarios, redaccións, información buscada en diferentes medios, etc. que se fan día a día. Valóranse tanto os contidos como o esforzo que a súa realización supuxese, así como a presentación, orden, claridade, limpeza, corrección no manexo da lingua e capacidade de autocorrección.

Valórase cun 10 % sobre a nota global. Empregáanse rúbricas para valorar este apartado.

3.- Lectura: Cada avaliación haberá un libro para a súa lectura. Tras a lectura individual, realizarase una proba de comprensión que pode ser una proba escrita,

un traballo sobre aspectos concretos do libro, ou unha proba oral.3.

Valorarase este apartado cun 10% sobre a nota global da avaliación

NOTA FINAL DE AVALIACIÓN E DE CURSO:

Para aprobar a avaliación será preciso obter un 5 ou máis unha vez feita a suma de todos os apartados. Hai que ter en conta que cómpre obter máis dun 3,5 sobre 8 nas probas escritas ou exames para poder facer a media entre elas e poder sumar os demais apartados. Con menos de 3,5 nas probas escritas é preciso realizar un exame de recuperación, que deberá fixarse ó finalizar cada un dos trimestres.

Basándonos no carácter continuo da avaliación, sempre que o progreso do alumno sexa ascendente ó longo do curso, consideraremos como **nota final** a da terceira avaliación. En caso contrario, a nota final será unha media das tres avaliacións.

Para aprobar cada avaliación será preciso obter un 5 ou máis sumando os distintos apartados. Cómpre ter como mínimo un 3 no apartado 1 para poder sumar a acalificación do apartado 2 e 3.

A nota final ordinaria obtense de facer media entre as tres avaliacións. Hai que ter en conta que cómpre obter máis dun 3 sobre 10 na avaliación para poder facer a media. Si a media non chega ao 5 realizarase un exame de recuperación en xuño do trimestre que está suspenso ou ben de toda a materia si son dúas as avaliacións suspensas.

5.4 INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN 4º DE ESO. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Os criterios de cualificación organízanse atendendo aos seguintes aspectos:

1.- Probas escritas ou exames: Farase como mínimo unha proba escrita por trimestre. Por falta de tempo para resolver a proba completa (comprensión, expresión, lectura obrigatoria, gramática e literatura) nunha sesión de clase, poderase dividir o exame para resolvelo en dúas sesións. Nela, o alumno

deberá demostrar o dominio do contido concreto do trimestre pero tamén a madurez e coherencia na exposición de ideas e a corrección da linguaxe empregada, tanto gramatical como ortograficamente. Polo tanto, valoraranse a ortografía, a sintaxe, a competencia léxica, a inventiva na creación de textos, a capacidade de expresión, coherencia e cohesión e os coñecementos teóricos.

Poderase descontar ata 1 punto por erros continuados ortográficos.

Poderase descontar ata 1 punto por carencias na coherencia e cohesión de textos.

Poderase descontar ata 0.5 puntos por la falta de adecuación no emprego dos rexistros lingüísticos adecuados e pola presentación incorrecta da proba.

Valorárase este apartado cun 70% sobre a nota global da avaliación.

2.-Caderno de clase : O caderno da materia serve para observar o traballo do alumno, o seu interese pola materia e o seu esforzo. Este debe conter os exercicios, resumos, esquemas, comentarios, redaccións, información buscada en diferentes medios, etc. que se fan día a día. Valóranse tanto os contidos como o esforzo que a súa realización supuxese, así como a presentación, orden, claridade, limpeza, corrección no manexo da lingua e capacidade de autocorrección.

Valórase cun 10 % sobre a nota global. Empréganse rúbricas para valorar este apartado.

3.- Traballos:

Traballos individuais: Empegaranse rúbricas nas que se valorarán os seguintes aspectos: espírito crítico, esforzo e traballo, ortografía e presentación, orixinalidade...

Traballos en grupo: Empegaranse rúbricas nas que se valorará a participación de todos os compoñentes, la distribución das tarefas encomendadas a cada uno, a organización dos materiais aportados por cada uno de los membros del grupo, a madurez do traballo realizado, así como las fontes de información utilizadas e los criterios selectivos empregados na súa elaboración.

4.- Probas orais: Valorarase a claridade, propiedade e corrección na exposición das ideas sobre os temas expostos.

Empréganse rúbricas para valorar este apartado.

Teráse en conta a atención, o interese, a asistencia, a participación nas tarefas propostas e o respecto ao profesor/a. As actitudes negativas poden supor a perda de 1 punto por avaliación.

Valorárase este apartado cun 10 % sobre a nota global da avaliación.

5.- Lectura. Cada avaliación haberá un libro para a súa lectura. Tras a lectura individual realizarase una proba de comprensión que pode ser una proba escrita, un traballo sobre aspectos concretos do libro, ou unha proba oral.

Valorarase este apartado cun 10% sobre a nota global da avaliación.

NOTA FINAL E DE AVALIACIÓN:

Para aprobar a avaliación será preciso obter un 5 ou máis unha vez feita a media de todos os apartados. Hai que ter en conta que cómpre obter máis dun 3 sobre 7 nas probas escritas ou exames para poder facer a media. Con menos de 3 nas probas escritas é preciso realizar un exame de recuperación que poderá fixarse para xuño ou ben para cada un dos trimestres.

A nota final será a media das tres avaliacións.

5.5 INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN 1º BACHARELATO. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

Os criterios de cualificación orgánzanse atendendo aos seguintes aspectos:

A. Probas escritas ou exames:

Farase como mínimo unha proba escrita por trimestre. Nela o alumno deberá demostrar o dominio do contido concreto do trimestre pero tamén a madurez

e coherencia na exposición de ideas e a corrección da linguaxe empregada, tanto gramatical como ortograficamente. Polo tanto, valorarase a ortografía, a sintaxe, a competencia léxica, a inventiva na creación de textos, a capacidade de expresión, coherencia e cohesión e os coñecementos teóricos.

Poderase descontar **ata 1 punto** por erros ortográficos, erros na coherencia e cohesión de textos, na adecuación dos rexistros lingüísticos empregados ou pola presentación incorrecta da proba.

Valorárase este apartado cun 80% sobre a nota global da avaliación.

B. Traballos:

Traballos individuais: Empregaranse rúbricas nas que se valorarán os seguintes aspectos: espírito crítico, esforzo e traballo, ortografía e presentación, orixinalidade...

Traballos en grupo: Empregaranse rúbricas nas que se valorará a participación de todos os compoñentes, a distribución das tarefas encomendadas a cada uno, a organización dos materiais aportados por cada uno de los membros del grupo, a madurez do traballo realizado, así como las fontes de información utilizadas e los criterios selectivos empregados na súa elaboración.

Probas orais: Valorarase a claridade, propiedade e corrección na exposición das ideas sobre os temas expostos. Empréganse rúbricas para valorar este apartado.

Valorarase este apartado de traballos cun 10 % sobre a nota global da avaliación.

C. Lectura.

Cada avaliación haberá un libro para a súa lectura. Tras a lectura individual realizarase una proba de comprensión que pode ser una proba escrita, un traballo sobre aspectos concretos do libro ou unha proba oral.

Valorarase este apartado cun 10% sobre a nota global da avaliación.

NOTA FINAL DE AVALIACIÓN:

Para aprobar a avaliación será preciso obter un 5 ou máis sumando os distintos apartados.

NOTA FINAL DE AVALIACIÓN E DE CURSO:

Para aprobar a avaliación será preciso obter un 5 ou máis unha vez feita a suma de todos os apartados. Hai que ter en conta que cómpre obter máis dun 3 sobre 8 nas probas escritas ou exames para poder facer a media entre elas e poder sumar os demais apartados. Con menos de 3,5 nas probas escritas é preciso realizar un exame de recuperación que poderá fixarse para xuño ou ben para cada un dos trimestres.

Basándonos no carácter continuo da avaliación, sempre que o progreso do alumno sexa ascendente ó longo do curso, consideraremos como nota final a da terceira avaliación. En caso contrario, a nota final será unha media das tres avaliacións.

5.5.1 INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN 1º BACHARELATO. LITERATURA UNIVERSAL. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

Ao tratarse dunha materia optativa, á que acode un número reducido de alumnos, e debido ao carácter de clase práctica, e non maxistral, que se pretende conseguir, o peso da nota final recaerá no traballo constante e cotiá en clase.

O alumnado será avaliados maiormente a partir dos **traballos prácticos** realizados durante o transcurso das clases. Esta nota suporá 60% da nota final da avaliación.

- **Para obter un 5**, e por tanto, aprobar a materia, e fundamental asistir con regularidade a clase, participar nas actividades propostas e entregar nas datas previstas os traballos requiridos. Estes traballos terán un carácter obrigatorio e non entregalos ou facelo manifestamente mal conlevarán suspender la materia. Penalizarase especialmente:

. Copiar os traballos de internet.

. Copiar o traballo dos compañeiros.

. Non realizar las tarefas propostas en la hora de clase.

. Faltar a clase inustificadamente.

. Mostrar un comportamento irrespectuoso.

O traballo de clase avaliarase cun 60% da nota da materia.

-**Realizarse en cada trimestre una proba escrita.** Todos los alumnos están obrigados a realizar estas probas. A nota destes exames suporán o 40% da nota de avaliación. Será necesario superar o 1 sobre 4 (máis ou menos o 2,5 sobre 10) para poder sumar a nota de traballo na clase.

- Excepcionalmente, nalgunha avaliación ou en todas, **los alumnos serán avaliados exclusivamente a través dun exame** de darse algunha de **estas situacións:**

a) Faltas de asistencia continuada a clase.

b) Falta de interese manifesto, concretada na non realización dos traballos, na súa incorrecta presentación, na copia dos mesmo.

c) Desacordo coa nota posta pola profesora.

Neste caso, o alumno aprobará la materia si obtén un 5 ou máis no exame, que incluiría toda a materia vista nas clases.

5.6 INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN PARA 2º BACHARELATO. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A avaliación será **continua**. Os contidos dado nunha avaliación entrarán nas seguintes.

Os **criterios de cualificación** organízanse atendendo aos seguintes aspectos:

a) Exames:

Está previsto facer dous exames por avaliación. Os exames puntuarán un 9 sobre 10.

Un dos exames de cada avaliación seguirá o modelo proposto para ABAU. Para superalo será necesario obter polo menos o 25% da puntuación en cada un dos apartados que conforman a proba. Este exame ponderará o 60% da nota de avaliación.

Outro exame se centrará na Literatura e nos libros de lectura. Este exame ponderará o 30% da nota de avaliación.

De non poder facer dous exames por avaliación darase prioridade ao exame segundo o modelo da ABAU (que ponderará nese caso o 90% da nota).

Nos exames parciais, unha vez aplicados los criterios de corrección, haberá de terse en conta a corrección formal e a destreza do alumno no uso escrito da lingua. Así, se poderá descontar da cualificación global ata un máximo de 2 puntos por erros relacionados cos seguintes aspectos: carencias graves no que se refire a una presentación correcta do exame; emprego de rexistros coloquiais ou vulgares da lingua; carencias en canto ao ordenamento lóxico da información ou a estruturación dos parágrafos; erros graves de puntuación ou do uso dos conectores; erros na ordenación lóxica das oracións; erros continuados no uso de las normas ortográficas. Descontaranse 0,2 puntos por cada falta de ortografía.

Calquera proba de avaliación poderá considerarse suspendida -e en tal caso le corresponderá a cualificación de 1 punto sobre 9- de existir constancia de que o alumno copiou ou participou de calquera estratexia orientada a mellorar os resultados académicos mediante procedementos deshonestos.

Haberá un **exame de recuperación final** na semana de exames de maio para que aqueles alumnos e alumnas que non mostrasen unha melloría progresiva poidan aprobar definitivamente o curso. Neste caso cómpre obter polo menos un 30% da puntuación en cada un dos apartados que conforman a proba. Cómpre obter un 5 ou mais para aprobar a materia. De aprobar este exame, a cualificación máxima será un 5. Estes criterios son válidos tamén para o exame extraordinario de xuño.

B) Traballo diario:

O traballo diario e constante na aula, a presentación dos exercicios e comentarios críticos que se pidan ponderaranse co 10% da nota.

C) Actitude: Terase en conta a atención, o interese, a asistencia, a participación nas tarefas propostas e o respecto cara os demais para redondear a nota.

Considerarase aprobada unha avaliación cando, una vez examinadas e ponderadas todas as observacións realizadas en el trimestre, se obteña unha cualificación igual o superior a 5 puntos sobre 10. Si a cualificación é inferior, a avaliación considerase suspendida. Cando as tres avaliacións sexan cualificadas positivamente, a cualificación final do curso será o resultado de realizar a media aritmética das tres (si a nota do terceiro trimestre é inferior á media das tres avaliacións) ou ben, a nota do último trimestre (si é superior a media das tres avaliacións).

6.-PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL NA ESO E PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS EN BACHARELATO.

A avaliación inicial ten como finalidade a adecuación do proceso de ensinanza ás características e necesidades educativas do alumnado e a implantación das melloras pertinentes na actuación docente.

As probas de avaliación inicial parten tanto na ESO como no Bacharelato (proba para acreditar os coñecementos previos), dos contidos mínimos que o alumno debeu adquirir ao finalizar o curso anterior e deberán graduarse em función do nivel que se pretenda avaliar. O deseño das probas elaborárase básicamente en función dos ítems seguintes:

COMUNICACIÓN ORAL

- Comprender as ideas xerais dun texto oral.
- Expresar oralmente un contido (unha noticia, por exemplo).

COMUNICACIÓN ESCRITA

- Ler un texto con exactitude e con ritmo, entonación e velocidade lectora adecuados.
- Comprender e resumir un texto escrito.
- Producir un texto escrito presentando nel unha exposición ordenada de ideas.
- Aplicar as normas xerais de ortografía.

COÑECEMENTO DA LINGUA

- Distinguir e clasificar as categorías gramaticais.
- Recoñecer os elementos básicos da oración simple.

EDUCACIÓN LITERARIA

- Distinguir os principais xéneros literarios e recursos estilísticos.
- Enumerar os movementos literarios mais importantes da historia da literatura.

7- PLAN DE ATENCIÓN A PENDENTES:

O departamento de Lingua e Literatura castelá plantexa a seguinte programación para os alumnos pendentes:

7.1 Contidos e temporalización. Actividades de seguimento:

- Os **contidos** para os alumnos cunha materia pendente son os mesmos que para os alumnos matriculados no curso correspondente. O departamento de Lingua e literatura castelá orientará aos alumnos sobre aqueles contidos que deben de traballarse de forma máis detallada. É responsabilidade do docente que imparte clase no curso no que se atopan seguir o proceso da recuperación do alumno con materia pendente e informar á Xefa de Departamento do seu rendimento no curso actual.

- Os alumnos que teñan a lingua castelá de 1º e 2º de ESO pendente recibirán do departamento exercicios de ortografía, comprensión lectora, morfoloxía e sintaxe. Deberán entregalos feitos nunha data consensuada entre profesor e alumno.
- Os alumnos con lingua de 3º ESO e 1º bacharelato pendente presentarán resumos o día do exame correspondentes a materia que inclúa cada un dos parciais.
- A **organización temporal** dos contidos é distinta á dos alumnos oficiais. Así, distribuiránse en dúas avaliacións (novembro e febreiro) correspondendo a cada unha delas, a metade dos temas da materia. En caso de non aprobar os dous exames haberá outra proba no mes de maio.

7.2 Criterios de avaliación:

Os criterios de avaliación son os mesmos que os da convocatoria ordinaria, pero o procedemento de avaliación é unicamente o exame, baremado sobre **10 puntos**. No caso de 2º de ESO e 4º de ESO, **aqueles alumnos que superen as dúas primeiras avaliacións do curso no que están matriculados, superarán tamén a asignatura do curso anterior se así o estima oportuno o profesor que imparte docencia. Neste caso quedarán eximidos do exame de maio.**

Os alumnos que teñen a materia do curso anterior e cursan **PMAR** serán avaliados según os criterios de cualificación sinalados na programación de PMAR. Neste caso de modo especial é fundamental o seguimento do alumno por parte do profesor que se encargue do Ámbito Lingüístico. **Tamén neste caso se o alumno aproba as dúas primeiras avaliacións terá aprobada a materia do curso anterior sin necesidade de facelo exame maio.**

Os alumnos realizarán unha proba escrita que se corresponderá con cada unha das dúas avaliacións sinaladas.

No mes de maio convocarase unha proba final á que deberán acudir aqueles alumnos que non alcancen a nota mínima de 5 puntos resultado da media das dúas avaliacións. Non se fará media si non alcanza un mínimo de tres sobre dez nalgunha das dúas probas realizadas.

8- METODOLOXÍA

8.1 Metodoloxía xeral:

No proceso de ensino-aprendizaxe xogan un papel importante tanto os criterios metodolóxicos, que guían a intervención educativa, como as medidas organizativas e estruturais que permiten a utilización adecuada dos recursos dos que dispón o centro.

As liñas metodolóxicas que deben orienta-la intervención educativa pódense sintetizar e concretar da seguinte forma:

- a) Partirase do nivel de desenvolvemento do alumno/a, para construí-la partir de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren o seu rendemento.
- b) A metodoloxía adaptarase ás características de cada alumno e alumna, atendendo á súa diversidade, favorecerá a capacidade dos alumnos para aprender por si mesmos e para traballar en equipo, e atenderá aos diferentes ritmos de aprendizaxe.
- c) A agrupación de alumnos no aula poderá ser variable e flexible, en función das actividades que se vaian a realizar no aula, sen desprezar por iso o traballo persoal e individualizado.
- d) Darase prioridade á comprensión dos contidos fronte á aprendizaxe puramente mecánico ou memorístico.
- f) Propiciaranse as oportunidades para que os alumnos poidan poñer en práctica os novos coñecementos, de modo que poidan comproba-la utilidade do que aprenderon, e saiban aplicalo noutros contextos á súa vida cotiá.
- g) A actividade educativa procurará dar unha formación personalizada, se fomentará a participación dos alumnos, asegurará unha efectiva igualdade entre o alumnado, e promoverá a relación coa contorna.
- h) Se fomentará, de acordo coas competencias básicas, a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu; desta forma, os alumnos analizarán o seu progreso respecto de os seus coñecementos.

8.2 Metodoloxía docente:

Toda intervención educativa ha de ter en conta os coñecementos previos dos alumnos e o seu interese por saber e aprender; só así, conseguiranse

aprendizaxes funcionais, grazas aos cales poderán traducir os contidos á súa propia linguaxe, utilízalos noutras áreas e aproveitar o aprendido para seguir aprendendo: en definitiva, adquirir as competencias básicas necesarias para completar esta etapa.

Para desenvolver as competencias básicas, a metodoloxía docente concretarase a través dos distintos tipos de actividades e dos diferentes xeitos de presentalos contidos en cada unidade didáctica. Consideramos estes medios son o mellor elemento para espertar o interese sobre un tema, motivar, contextualizar un contido e transferir a súa aprendizaxe a outros ámbitos.

O expresado anteriormente traducirase na aula desenvolvendo as unidades de acordo co seguinte esquema de traballo:

- Introducción á unidade de traballo a fin de motiva aos alumnos/as.
- Análise dos coñecementos previos dos alumnos/as.
- Exposición de contidos e desenvolvemento da unidade.
- Traballo individual dos alumnos/as desenvolvendo as actividades propostas para fomentar a autonomía persoal.
- Traballo en pequenos grupos para fomentalo traballo cooperativo.
- Variedade de instrumentos didácticos.
- Técnicas lingüísticas e literarias.
- Resumo e síntese dos contidos da unidade.

8.3 **Aportacións dende a materia ao plan TIC:**

A integración do uso das novas tecnoloxías na práctica docente habitual fai necesario definir como se han de integrar na formación presencial de cada área concreta. Na materia de lingua castelá o uso das TIC está enfocado a desenvolver as destrezas de escoitar, falar, ler e escribir e contribuir así sobre todo á mellora da competencia lingüística e da autonomía da aprendizaxe.. Utilizamos as novas tecnoloxias como un soporte distinto ó papel para recursos metodolóxicos e didácticos moi concretos e de forma paulatina, de maneira que en ningún caso poidan substituír e desprazar absolutamente ó traballo tradicional de lectura e escritura na aula. Algunhas das propostas que levamos a cabo no departamento son as seguintes:

- Búsqueda e xestión de información cunha planificación detallada que dirixa ós alumnos a unhas páxinas concretas.
- Recursos web de actividades interactivas das que se poden encontrar unha completa batería de exercicios sobre ortografía, sintaxe, morfoloxía, léxico, comprensión lectora...
- Resolución dunha webquest sobre algún autor.
- Emprego de dicionarios online.
- Uso educativo de blogs. O departamento puxo en marcha o blog <http://vocesdetrasancos.blogspot.com> no que figuran redaccións de alumnos, enlaces a páxinas de interés, prensa, apuntes e vídeos de literatura, etc
- Uso da pizarra dixital na aula.
- Elaboracións de ppt sobre temas teóricos ou lecturas realizadas polos alumnos. Algunhas delas figuran expostas no blog do departamento.

9-TRATAMENTO DA DIVERSIDADE:

9.1 Alumnos con reforzo:

Entre as medidas de atención á diversidade inclúese o programa de reforzo que supón unha atención personalizada para que alumnos de 1º ESO e 2º ESO con dificultade nesta área poidan lograr o grao de dominio suficiente expresado nos mínimos esixibles.

Orientaremos o reforzo á realización de actividades que axuden a desenrolar as catro destrezas básicas (falar, escoltar, ler e escribir).

Enfocamos a práctica destas habilidades básicas de lectura e escritura en dúas partes fundamentais: na primeira, ler, unha lectura inicial, amena e adecuada ó nivel do alumnado, que dará pé a un conxunto de exercicios de léxico e comprensión lectora. Na segunda, escribir, predominan os exercicios nos que se practican aspectos tan fundamentais como o orden e a cohesión textuais, os signos de puntuación o suliñado e resumen de textos.

Ademáis será necesario reforzar contidos estruturais da lingua como o dominio das normas ortográficas, repaso de morfoloxía e sintase.

Tentaremos de descubrir neste alumnado o placer pola lectura a través de fragmentos de algunhas das obras narrativas, líricas e dramáticas máis importantes da literatura. A lectura irá acompañada de actividades que axudan a obter un máximo partido do texto. A selección de lecturas estará feita tendo en conta que os alumnos comprendan que a literatura non é algo aburrido que se explica na clase, sinon unha fonte inagotable de aprendizaxe, emoción, diversión e coñecemento. Traballaránse textos narrativos, poéticos e dramáticos.

Materiais de reforzo:

Refuerzo de lengua castellana 1. Ed. Aladraba.

Refuerzo de lengua castellana 2. Ed. Aladraba.

Leer y escribir 1. Ed. Aladraba.

Leer y escribir 2. Ed. Aladraba.

Antología de lecturas 1. Ed. Almadraba.

Antología de lecturas 2. Ed. Almadraba.

Cuaderno de ortografía. Ed. La Calesa.

9.2 Agrupamentos específicos:

En 1º e 2º de ESO realízanse agrupamentos para apoiar ó alumnado con dificultades nesta área instrumental. Así dáse unha atención máis individualizada e adaptada ós alumnos que o necesitan. Estes agrupamentos ou reforzos están constituídos por un número reducido de alumnos. Adícaselles unha hora semanal para paliar lagoas que poidan xurdir no día a día da aula e así suplir posibles carencias no seu aprendizaxe. Deberase empregar esta hora de reforzo, sempre que sexa posible, para realizar as probas escritas con estes alumnos, que poden precisar axuda adicional. Isto poderase levar a cabo sempre que sexa o memo profesor que se encargue da docencia no grupo de referencia e no reforzo.

9.3 Os programas específicos personalizados:

O alumnado repetidor seguirá un programa específico personalizado orientado á superación das dificultades na área de lingua castelá. Consistirá na realización de actividades de ortografía, gramática, léxico e comprensión lectora. Semanalmente o profesor da materia do curso no que estén observará a realización das tarefas e a capacidade de mellora no aprendizaxe e a recuperación da asignatura.

A atención á diversidade ímola a contemplar tamén desde outros tres niveis: na programación de aula, na metodoloxía e nos materiais.

10- MATERIAIS E RECURSOS:

A selección dos materiais utilizados no aula ten tamén unha gran importancia á hora de atender ás diferenzas individuais no conxunto dos

alumnos e alumnas. Algunhas das formulacións que deben recoller eses materiais concréntanse a continuación:

- Presentación de esquemas conceptuais ou visións panorámicas, co fin de relacionalos diferentes contidos entre sí.
- Informacións complementarias nas marxes das páxinas correspondentes como aclaración ou información suplementaria, ben para mantelo interese dos alumnos e alumnas máis avantaxados, para insistir sobre determinados aspectos específicos, ou ben para facilitala comprensión, asimilación ou maior facilidade de apreensión de determinados conceptos.
- Formulación coherente, rico e variado de imaxes, ilustracións, cadros e gráficos que nos axudarán nas nosas intencións educativas.
- Propostas de diversos tratamentos didácticos: realización de resumos, esquemas, sínteses, redaccións, debates, traballos de simulación, etc., que nos axudan a que os alumnos e alumnas poidan capta-lo coñecemento de diversas formas.
- Materiais complementarios, que permiten atender á diversidade en función dos obxectivos que nos queiramos fixar para cada tipo de alumno. Outros materiais deben proporcionar ós alumnos toda unha ampla gama de distintas posibilidades de aprendizaxe.

O libro do alumno:

Lingua castelá e Literatura 1º ESO. Editorial Santillana.

Lingua castelá e literatura 2º ESO . Editorial Santillana.

Lingua castelá e Literatura 3º ESO. Editorial Anaya.

Lingua castelá e literatura 4º ESO . Editorial Anaya.

Lengua castellana y literatura 1º Bachillerato. Ed. Santillana.

Material de apoio:

O carácter da asignatura e a propia formulación metodolóxica impón o uso constante dunha gran variedade de textos para a análise e comentario, que haberán de ser **reprografiados**. Ademais, será preciso utilizar libros de lectura, cadernos de actividades específicos (ortografía, expresión) segundo as necesidades particulares de cada alumno, proxeccións de vídeo, DVD, soporte lóxico informático, etc. Do mesmo xeito, a **biblioteca do centro** e todas as materiais que nela están a disposición dos nosos alumnos formarán parte das súas actividades cotiás. Para o **traballo diario na aula** contamos con algúns recursos como:

- Guións didácticos asociados ás unidades dos libros de texto.
- Actividades complementarias: bancos de datos, fichas de traballo práctico...
- Programas especiais: comprensión lectora y plan lector.

Integraremos tamén dento da aula as conclusións e reflexións extraídas a partir das **actividades complementarias desenroladas fora do centro** de ensino como a asistencia a representacións teatrais de obras clásicas e contemporáneas relacionadas co currículo do alumnado. En concreto este ano asistirase á representación da obra *El coloquio de los perros*, dirixida pola compañía teatral Regenta Teatro.

Organización do espacio:

O aula é o lugar principal de traballo. Neste espazo, os alumnos contan co manual da materia, libros básicos de consulta (diccionarios de lingua e dicionarios enciclopédicos) e coa posibilidade de recibir o material audiovisual e informático que se precise.

Ademais, o desenvolvemento desta materia nos distintos niveis esixe a utilización continua da biblioteca e o acceso ao aula de informática (consulta de datos; webquest; traballos dirixidos...).

11- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS:

11.1 APORTACIÓN DENDE A MATERIA AO PLAN DE CONVIVENCIA:

A lingua é un poderoso instrumento para regular a convivencia, para expresar ideas, sentimentos e emocións e en definitiva para controlar a propia conducta. A lingua contribúe a construír unha representación do mundo socialmente compartida e comunicable, ó equilibrio afectivo e á integración social e cultural das persoas.

A área de lingua castelá e literatura contribúe ó desenvolvemento armónico dos aspectos afectivos e sociais do alumno, non só porque á través da linguaxe desenvolve a súa personalidade senón tamén porque nos textos atópanse as maiores posibilidades de traballar a convivencia na aula. Tanto as lecturas narrativas, como poéticas, periodísticas, ensaísticas, dramáticas... son unha fonte enriquecedora de valores que contribúen á sólida formación afectiva e social do alumno e por tanto colaboran na educación por unha convivencia escolar pacífica e cun clima positivo. A través das **lecturas** edúcanse actitudes e hábitos no alumnado que sirven para:

- Rechazar actitudes discriminatorias
- Coñecer, asumir e exercer os dereitos e deberes nunha liña de respecto ós demais
- Practicar a tolerancia e solidariedade entre as persoas e os grupos.
- Respectar a igualdade de dereitos e oportunidades de todas as persoas.
- Fomentar as capacidades afectivas nas relacións coas demais persoas e rexeitar a violencia en todos os ámbitos.

Son moitos os títulos que realizan aportacións para traballar a mellora da convivencia. Algúns dos que lemos no centro son:

- ***Me llamo Suleimán*** (sobre a emigración desde os países africanos ata Europa).
- ***La piel de la memoria*** (sobre a emigración desde os países africanos ata Europa).

- **Manzanas rojas** (sobre o conflito entre Palestina e Israel)
- **Sadako y las mil grullas de papel** (sobre a radiación posterior á explosión da bomba atómica en Hiroshima que causou leucemia á poboación durante xeracións)
- **Iqbal Masih: lágrimas, sorpresas y coraje** (sobre a explotación e traballo infantil nas fábricas de alfombras en Pakistán).
- **El río robado** (sobre o abuso de poder dos terratenientes ós campesinos en Sudamérica).
- Tamén lemos **artigos periodísticos** e noticias referidos a temas como a discriminación racial e de xénero ou relativos á solidariedade cos grupos máis marxinados. Todos os mércores recibimos un periódico de **La voz de Galicia**, o que nos permite ter unha perspectiva actualizada e recente destes problemas sociais.
- A **literatura social do século XX** ofrece tamén posibilidades para ampliar a perspectiva dos alumnos no que se refire a rexímenes autoritarios ou loita pola liberdade en sociedades que oprimen ó individuo (Blas de Otero, Miguel Hernández, Buero Vallejo...).

11. 2 PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES:

A natureza da materia que impartimos préstase especialmente ao tratamento dos denominados temas transversais. O punto de partida para afrontalos serán os textos lidos polos alumnos ben pertencentes ao libro de texto, ben seleccionados expresamente polo profesor. Serán de especial utilidade textos procedentes da prensa diaria, revistas, etc que aborden cuestións de actualidade. A educación para a paz, para a igualdade entre os sexos, o respecto ao medio ambiente, a solidariedade, a educación do consumidor, a formación cívica, o “non” ao racismo son valores que integraremos nos nosos ensinos coa meta de colaborar a unha formación integral do alumnado para que acabado o proceso educativo convértanse en persoas maduras, críticas e responsables.

Este traballo diario no aula vaise a complementar co **plan lector** deseñado no departamento. Un plan lector que, como veremos a continuación, traballará -a

partir de lecturas seleccionadas- distintos contidos transversais.

12.- APORTACIÓN DO DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA Ó PLAN LECTOR:

O noso Departamento desenrola e valora en cada curso o plan lector dende varios puntos de vista:

En primeiro lugar, a **lectura diaria en voz alta na aula** tanto de textos como dos propios exercicios propostos polo docente ou polo manual da asignatura. Ademais, insítese na atención especial que adica o propio Departamento á **declamación e expresión oral**, impulsada tamén dende as directrices novas que articularán o Plan Lector de Centro, coordinado por Dolores Pazos, que tamén levará a coordinación do PLAMBE e da Biblioteca.

Por outra banda, para desenrolar este plan lector dende o Departamento de Lingua Castelá insistimos na necesidade de respetar o tempo diario reservado para a **lectura en voz alta** tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado.

En canto ás **lecturas recomendadas polo Departamento** ó longo deste curso, tamén contribúen ós obxectivos do Plan Lector. Incluiremos obras que se axusten ao contido demandado de acordo coas necesidades do noso alumnado en cada avaliación e que posúan unha calidade literaria adecuada á formación que desexamos para os nosos alumnos. Estas lecturas, sobre todo na ESO, deben tratar temas cercanos á problemática sociolóxica do alumnado desta idade e resultar atractivas para despertar o gusto pola lectura. Logro que gratamente vamos conseguindo nestes últimos anos e que comentamos en repetidas reunións de Departamento. En este sentido, hase de ter en conta que na maioría dos niveis adícaselle horas de docencia á lectura de novelas en clase, sobre todo é unha medida moi útil para a comprensión e comentario de obras clásicas nos niveis baixos de ESO.

As liñas xerais do plan son as seguintes:

1. TEMPORALIZACIÓN: Vinte minutos de lectura en voz alta todos os días ao principio ou a o final da clase distribuído do seguinte xeito:

- Semana I: luns 1ª hora , martes 1ª hora, mércores 1ª h, etc;
- Semana II: luns 2ª hora , martes 2ª hora, mércores 3ª h, etc; e así sucesivamente.

Con esta proposta preténdese que a lectura teña unha maior continuidade e que os alumnos adquiren a dinámica e o hábito de ler pola súa conta.

2. ¿QUÉ LER?: As lecturas que se van facer en cada grupo poden ser recomendadas polos departamentos ou tamén propostas polos alumnos. Todos os alumnos deberán ter un libro de lectura na súa mochila para ditas sesións aínda que o profesor poderá propoñer unha lectura concreta. Na mesa do profesor haberá un listado dos títulos dos libros que lé cada alumno (coordinado polo titor), e estará visible para control do profesor na hora de lectura ou do profesor de garda.
3. BLOG: Se algún alumno quere publicar no blog de lectura do centro (<http://lendoentrasancos.blogspot.com>) alguna entrada sobre lecturas feitas nestas sesións, pode facelo pedindo un permiso por correo electrónico.
4. CLUBES DE LECTURA: Dende a biblioteca dirixirase un clube de lectura formado por lectores voluntarios (tanto profesores como alumnos) que se reunirán periódicamente para realizar unha posta en común dos libros que, previamente, teñen lido en todo ou en parte os seus integrantes, de forma solitaria. A composición dos seus membros, a periodicidade das reunións, o xénero da lectura, o lugar onde se celebran as reunións, etc. especificaránse en dito proxecto.

A continuación inclúese unha **SELECCIÓN DE LECTURAS** do departamento para traballar en distintos niveis.

GÓMEZ CERDÁ, A.: *El cuarto de las ratas*, ed. S.m.

ELVIRA LINDO: *Manolito gafotas*.

M. RIVERA DE LA CRUZ: *Otra vida para Cristina*.

J. MANUEL GISBERT: *Los armarios negros*. Ed. Alfaguara.

ROALD DAHL: Antología. *Relatos escalofriantes de Roald Dahl*, ed. Alfaguara.

RUIZ ZAFÓN: *Marina*.

J. RAMON AYLLÓN: *Otoño azul*, ed. Bambú.

JUDITH KERR : Cuando Hitler robó el conejo rosa, ed. Alfaguara.

ROALD DAHL: *Matilda*.

ALONSO DE SANTOS: *La verdadera y singular historia de la princesa y el dragón*.

BÉCQUER: *Leyendas*, ed. Sgel

JOHN STEINBECK: *La perla*.

LAURA GALLEGO: *La hija de la noche*, ed. Edebé.

FERNANDO LALANA: *Morirás en Chafarinas*.

RUIZ ZAFÓN: *El príncipe de la niebla*, ed. Edebé.

SUSAN HINTON: *La ley de la calle*, ed. Alfaguara.

C. MARTIN GAITE: *Caperucita en Manhattan*, ed. Siruela.

ELOY M. CEBRIÁN: *Bajo la fría luz de octubre*, ed. Alfaguara.

E. ALAN POE: *El escarabajo de oro*, Colección KALAFATE, ed. Almadraba.

JULIO VERNE: *Miguel Strogoff*. Ed. Almadraba. Colección KALAFATE.

JOSÉ ÁNGEL MAÑAS: *Historias del Kronen*, ed. Planeta.

ANTONIO SALAS: *Diario de un skin*, ed. Planeta.

JON STEINBECK: *La perla*. ed. Alfaguara.

JUAN MADRID: *Los senderos del tigre*.

FERNANDO LALANA: *La muerte del cisne*.

JULIO VERNE: *Miguel Strogoff*. Colección KALAFATE, ed. Almadraba

F. LALANA: *La tuneladora*, Ed. Bambú

IBTISAN BARAKAT: *Saboreando el cielo*, ed. Bambú

CHARLES DICKENS: Cuento de navidad.

BÉCQUER: *Leyendas*, ed. Alfaguara

GEORGE ORWELL: *Rebelión en la granja*, ed. Destino.

JOSÉ MARÍA LATORRE: *La leyenda del segundo féretro*, editorial SM

RUTA SEPETYS: *El color de los sueños*, Embolsillo

RUTA SEPETYS: *Entre tonos de gris*, Embolsillo.

IRENE NEMIROVSKY: *E l baile*, ed. Salamandra.

HEINZ DELAM: *La casa de los sueños olvidados*, ed. Edelvives;

El santuario del pájaro elefante, ed. Edelvives.

El abismo del diablo, ed. Edelvives.

J.J. JOHNSON: *Mi teoría de todo*, ed. SM.

Juan Nelson: *Te daría el mundo*.

MANUELA SALVI: *Sería hermoso morir juntos*.

CARE SANTOS: *La muerte de Venus*, ed. Espasa.

Pídeme la luna, ed. Edebe.

La luna .com. Edebe.

ALEXANDRA NEYMAR: *Mírame y dispara*.

Colapso.

Traición: mírame dispara 2.

Mafia, mírame y dispara 5.

JORDI SIERRA I FABRA: *Campos de fresas*.

ANA ALONSO: *Los instantes perfectos*, ed. Alfaguara.

De todo corazón. 111 poemas de amor, ed. SM.

IGNACIO GARCÍA MAY: *Alesio, una comedia de tiempos pasados.*

13- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Algunhas das actividades que ten programadas O Departamento de Lingua e literatura castelá non poden figurar cunha data exacta, xa que dependen dos programadores; é o caso dalgunhas representacións teatrais.

1. Visita de los alumnos de PMAR al Museo de Arte Contemporáneo e á representación teatral dunha obra de teatro clásica.
2. Asistencia a representacións teatrais promovidas polo Padroado da Cultura de Narón ou outras.
3. Tamén participan non Concurso Intercentros de Narón no que se fan dramatizacións, monólogos, redaccións... o que lles pode esixir que acudan a expoñer o traballo ou a presenciar algunha actividade doutro centro no Auditorio de Narón, no último trimestre.
4. O Departamento de lingua castelá colabora estreitamente coas **actividades programadas pola biblioteca**, algúns dos propostos son a proxección de curtametraxes e lecturas de textos literarios de terror galegos e castelán con ocasión da celebración da festividade de San Maín; exposición de libros lidos polos alumnos para a celebración do día do libro... Tamén se fixeron traballos sobre a reflexión da universalidade dalgunhas das obras literarias obxecto de estudio, como é o caso da tradución de fragmentos de *El Quijote* a varias linguas europeas para a conmemoración do Día europea das linguas (26 de setembro).

14- PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN

Os procedementos para avaliar a programación levaranse a cabo do xeito seguinte:

- Mediante análise do seguimento e desenvolvemento da programación nas reunións de departamento.
- Mediante a ficha que se cubre despois de cada avaliación e na que se realiza a análise no documento “avaliación da función docente”, na que se recollen aspectos relacionados co desenvolvemento da programación e organización como:
 1. A adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
 2. A necesidade de modificar os procedementos de avaliación
 3. A necesidade de levar a cabo medidas de atención á diversidade.
- Mediante a memoria de fin de curso na que se recollan os resultados obtidos, os problemas detectados e os posibles cambios a realizar na programación para o seguinte curso.

15.- PROGRAMACIÓN 3º PMAR. ÁMBITO SOCIOLINGÜÍSTICO:

Elaboramos esta programación tendo en conta o exposto nas instrucións para o desenvolvemento do curso académico 2017/2018 (Decreto 86/2015, do 25 de xuño, e resolución do 20 de xullo de 2017):

*“Os programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento forman parte das medidas extraordinarias de atención á diversidade e teñen por finalidade facilitar que os alumnos e as alumnas, mediante unha **metodoloxía específica** e unha **organización de contidos e materias do currículo diferente á establecida con carácter xeral**, alcancen as competencias do primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria, poidan cursar o cuarto curso pola vía ordinaria e obteñan o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.*

*“O programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento concíbese desde un enfoque metodolóxico funcional, en que os **contidos curriculares se deben tratar desde un punto de vista global, práctico, motivador e personalizado**, priorizando as aprendizaxes que resulten necesarias para outras posteriores e que contribúan ao*

desenvolvemento das competencias clave e dos obxectivos xerais da etapa”.

OBXECTIVOS XERAIS

1. Facilitar a integración do alumnado no grupo e favorecer a convivencia e a cohesión de dito grupo.
2. Fomentar a participación, a expresión oral e escrita e o análise crítico da información recibida por medios orais, escritos e audiovisuais.
3. Realizar un seguimento personalizado do proceso de aprendizaxe do alumnado e facilitar o desenrolo e aplicación de ferramentas para o traballo intelectual.
4. Apoiar o proceso de aprendizaxe e motivar ao alumnado cara o estudio e a consecución dos obxectivos da etapa.
5. Fomentar o desenrolo da autoestima e das habilidades sociais.
6. Facilitar a toma de decisións respecto ao seu futuro académico e profesional.
7. Fomentar e consolidar o desenrolo de actitudes e conductas tolerantes, saudables, non violentas e respectuosas.

LINGUA CASTELÁ. TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS PARA 3º ESO PMAR

1ª AVALIACIÓN

COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR	COMUNICACIÓN ESCRITA: LER E ESCRIBIR	COÑECEMENTO DA LINGUA	EDUCACIÓN LITERARIA
--	---	------------------------------	----------------------------

<p>- Comprensión, interpretación e valoración de textos orais en relación coa súa finalidade: textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos.</p>	<p>- Lectura, comprensión e interpretación de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos.</p> <p>- Lectura, comprensión e interpretación de textos xornalísticos, publicitarios, e textos da vida cotiá.</p>	<p>- Coñecemento das orixes históricas da realidade plurilingüe de España, e valoración como fonte de enriquecemento persoal e como mostra da riqueza do noso patrimonio histórico e cultural.</p> <p>- Coñecemento, uso e valoración das normas ortográficas e gramaticais, recoñecendo o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas para conseguir unha comunicación eficaz.</p> <p>- Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, determinante, pronome, verbo, adverbio, preposición, conxunción e interxección.</p>	<p>- Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura.</p> <p>- Aproximación aos xéneros literarios e ás obras máis representativas da literatura española da Idade Media a través da lectura e explicación de fragmentos significativos e, de ser o caso, textos completos .</p>
--	---	--	---

2ª AVALIACIÓN			
<p>- Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción e a avaliación de textos orais. Aspectos verbais e non verbais.</p>	<p>- Coñecemento e uso das técnicas e estratexias para a produción de textos escritos: planificación, obtención de datos, organización da información, redacción e revisión do texto. A escritura como proceso.</p>	<p>- Recoñecemento, uso e explicación dos elementos constitutivos da palabra. Procedementos para formar palabras.</p> <p>- Recoñecemento, identificación e explicación do uso dos grupos de palabras (nominal, adxectivo, preposicional, verbal e adverbial) e das relacións que se establecen entre os elementos que os conforman no marco da oración simple.</p>	<p>- Aproximación aos xéneros literarios e ás obras máis representativas da literatura española do Renacemento a través da lectura e explicación de fragmentos significativos e, de ser o caso, textos completos</p>
3ª AVALIACIÓN			

<p>- Observación, reflexión, comprensión e valoración do sentido global dos debates, os coloquios e as conversacións espontáneas, da intención comunicativa de cada interlocutor/a, e aplicación das normas básicas que os regulan.</p>	<p>- Producción de textos escritos e audiovisuais narrativos, descritivos, instructivos, expositivos e argumentativos e escritura de textos dialogados.</p>	<p>- Recoñecemento, uso e explicación dos elementos constitutivos da oración simple: suxeito e predicado e dos complementos do predicado.</p> <p>- Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos.</p>	<p>- Aproximación aos xéneros literarios e ás obras máis representativas da literatura española do Barroco a través da lectura e explicación de fragmentos significativos e, de ser o caso, textos completos</p>
---	---	--	--

<p>XEOGRAFÍA E HISTORIA. TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS PARA 3º ESO PMAR</p>	
<p>1ª AVALIACIÓN</p>	
<p>XEOGRAFÍA</p>	<p>HISTORIA</p>

<p>-A actividade económica . Os sistemas económicos.</p> <p>-As actividades do sector primario.</p>	<p>Idade Moderna.</p> <p>-Os Reis Católicos: A política, a unidade relixiosa , a economía e sociedade-</p> <p>-Descubrimento, conquista e colonización de América</p> <p>-América antes dos europeos: aztecas, mayas, incas.</p> <p>-Conquista e colonización das novas terras</p> <p>-Institucións e sociedade colonial.</p>
<p>2ª AVALIACIÓN</p>	
<p>Actividades do sector secundario.</p> <p>A actividade industrial . Grandes áreas industriais do mundo.</p> <p>Deslocalización industrial.</p>	<p>O reinado de Carlos V</p> <p>A monarquía hispánica de Felipe II</p> <p>Reforma e Contrarreforma</p>
<p>3ª AVALIACIÓN</p>	

<p>Actividades do sector terciario.</p> <p>Desigualdades sociais e económicas.</p> <p>Áreas en conflito</p> <p>Medidas para erradicar as desigualdades</p>	<p>Crisis e decadencia do imperio hispánico.</p> <p>Os austrias dos séculos XVI e XVII: Felipe III, Felipe IV e CarlosII</p> <p>O Humanismo. A arte no Renacemento</p> <p>O Barroco</p>		
<p>LINGUA GALEGA. TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS PARA 3º ESO PMAR</p>			
<p>1ª AVALIACIÓN</p>			
<p>COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR</p>	<p>COMUNICACIÓN ESCRITA: LER E ESCRIBIR</p>	<p>COÑECEMENTO DA LINGUA</p>	<p>EDUCACIÓN LITERARIA</p>

<p>- Comprensión, interpretación e valoración de textos orais en relación coa súa finalidade: textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos.</p>	<p>- Lectura, comprensión e interpretación de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos.</p> <p>- Lectura, comprensión e interpretación de textos xornalísticos, publicitarios, e textos da vida cotiá.</p>	<p>- Coñecemento, uso e valoración das normas ortográficas e gramaticais, recoñecendo o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas para conseguir unha comunicación eficaz.</p> <p>- Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, determinante, pronome, verbo, adverbio, preposición, conxunción e interxección.</p>	<p>- Lectura libre de obras da literatura galega, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura.</p> <p>- Aproximación aos xéneros literarios e ás obras máis representativas da literatura galega da Idade Media a través da lectura e explicación de fragmentos significativos e, de ser o caso, textos completos . A lírica medieval. As Cantigas.</p>
--	---	---	---

2ª AVALIACIÓN			
<p>- Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción e a avaliación de textos orais. Aspectos verbais e non verbais.</p>	<p>- Coñecemento e uso das técnicas e estratexias para a produción de textos escritos: planificación, obtención de datos, organización da información, redacción e revisión do texto. A escritura como proceso.</p>	<p>- Recoñecemento, uso e explicación dos elementos constitutivos da palabra. Procedementos para formar palabras.</p> <p>- Recoñecemento, identificación e explicación do uso dos grupos de palabras (nominal, adxectivo, preposicional, verbal e adverbial) e das relacións que se establecen entre os elementos que os conforman no marco da oración simple.</p>	<p>-Causas sociopolíticas do illamento da cultura galega nesta etapa. Consecuencias da marxinação do galego.</p> <p>- Literatura oral e popular nos Séculos Escuros.</p> <p>- Manifestacións literarias cultas nos Séculos Escuros.</p>
3ª AVALIACIÓN			

<p>- Observación, reflexión, comprensión e valoración do sentido global dos debates, os coloquios e as conversacións espontáneas, da intención comunicativa de cada interlocutor/a, e aplicación das normas básicas que os regulan.</p>	<p>- Producción de textos escritos e audiovisuais narrativos, descritivos, instructivos, expositivos e argumentativos e escritura de textos dialogados.</p>	<p>- Recoñecemento, uso e explicación dos elementos constitutivos da oración simple: suxeito e predicado e dos complementos do predicado.</p> <p>- Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos.</p>	<p>- Os ilustrados: o renacer da conciencia lingüística galega.</p> <p>- O Rexurdimento.</p> <p>-A recuperación da literatura galega. Rosalía de Castro.</p>

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, COMPETENCIAS BÁSICAS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
-------------------------	--------------------	---------------------------

<p>Expresar (na escrita e oralmente) de forma resumida e organizada coñecementos e experiencias persoais.</p>	<p>Comunicación lingüística.</p> <p>Aprender a aprender.</p> <p>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</p> <p>Conciencia e expresións culturais</p>	<p>Emprega elementos lingüísticos organizativos do texto.</p> <p>Usa técnicas de síntese do contido dos textos: subliñados, esquemas e resumos.</p> <p>Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións.</p>
<p>Expoñer oralmente e por escrito as propias ideas sobre un tema, de forma fluída e organizada.</p>	<p>Comunicación lingüística.</p> <p>Aprender a aprender.</p> <p>Competencia social e cívica.</p> <p>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</p>	<p>Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas ou formais respectando as regras morfosintácticas das linguas castelá e galega.</p>

<p>Producir correctamente textos escritos de diferente tipo.</p>	<p>Comunicación lingüística.</p> <p>Aprender a aprender.</p> <p>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</p> <p>Conciencia e expresións culturais</p>	<p>Identifica a estrutura comunicativa das mensaxes escritas e a intención do emisor.</p> <p>Produce, en soporte impreso ou dixital, textos expositivos e explicativos sobre distintas materias curriculares elaborados a partir de información obtida en bibliotecas e outras fontes de información.</p> <p>Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa</p>
---	---	--

<p>Debater sobre un tema buscando previamente a información oportuna sobre el.</p>	<p>Comunicación lingüística</p> <p>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</p> <p>Competencia dixital</p> <p>Aprender a aprender</p> <p>Competencias sociais e cívicas</p> <p>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</p> <p>Conciencia e expresións culturais</p>	<p>Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade.</p> <p>Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.</p> <p>Participa activamente en debates ou coloquios, respecta as regras de interacción, intervención e cortesía, manifesta as súas opinións e respecta as dos demais.</p>
---	---	---

<p>Consultar diferentes fontes de información para realizar traballos de investigación sinxelos.</p>	<p>Comunicación lingüística</p> <p>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</p> <p>Competencia dixital</p> <p>Aprender a aprender</p> <p>Competencias sociais e cívicas</p> <p>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</p> <p>Conciencia e expresións culturais</p>	<p>Consulta os medios de información para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.</p> <p>Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente.</p>
---	---	---

<p>Cofiecer os aspectos básicos das distintas etapas históricas e literarias estudadas no curso.</p>	<p>Comunicación lingüística</p> <p>Competencia dixital</p> <p>Aprender a aprender</p> <p>Competencias sociais e cívicas</p> <p>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</p> <p>Conciencia e expresións culturais</p>	<p>Compara a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que amosan estes datos.</p> <p>Compara a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que amosan estes datos.</p> <p>Identifica as diferentes etapas literarias da literatura galega e castelán desde a Idade Media ata o século XVII, así como as obras e autores principais.</p>
---	--	--

<p>Interpretar diferentes tipos de textos, mapas e situacións sociais.</p>	<p>Comunicación lingüística</p> <p>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</p> <p>Competencia dixital</p> <p>Aprender a aprender</p> <p>Competencias sociais e cívicas</p> <p>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</p> <p>Conciencia e expresións culturais</p>	<p>Crea mapas conceptuais, usando recursos impresos e dixitais, para explicar o funcionamento do comercio, e sinala os organismos que agrupan as zonas comerciais.</p> <p>Sinala áreas de conflito bélico no mapamundi e relacións con factores económicos.</p> <p>Le e comprende unha selección de textos literarios, en versión orixinal ou adaptados, e representativos da literatura da Idade Media ao Século de Ouro, identificando o tema, resumindo o seu contido e interpretando a linguaxe literaria.</p>
---	---	--

MÍNIMOS ESIXIBLES

1. Escribir con corrección ortográfica en ambas linguas, galego e castelá. Redactar con coherencia.
2. Ler as obras complementarias propostas e participar activamente nas actividades sobre as mesmas.
3. Identificar a información máis relevante dun texto.
4. Coñecer as principais mostras literarias, en España e en Galicia dende a Idade Media ao Barroco.

5. Coñecer os feitos históricos e sociais máis relevantes da Idade Moderna.
6. Analizar a realidade social e cultural dende un punto de vista crítico e comunicala oralmente e por escrito con argumentos propios e cunha mínima corrección lingüística en galego e castelán.
7. Coñecer a diversidade xeográfica do mundo, os seus trazos básicos físicos, humanos e distingui-las grandes áreas socioeconómicas, culturais e políticas, incluídos os de España e Galicia
8. Saber manexar distintas fontes de información.
9. Elaborar traballos monográficos.
10. Captar o tema e ideas principais de distinto tipo de textos.
11. Manter unha actitude positiva cara ó traballo (na clase e nas tarefas para a casa) e respectuosa cara á diversidade plurilingüe e pluricultural.
12. Respetar os prazos de entrega dos traballos propostos polo profesor.
13. Elaborar mapas conceptuais e sínteses.
14. Ser capaz de relacionar novos conceptos con outros xa traballados e adquiridos anteriormente.

INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN 3º DE ESO PMAR. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

Os criterios de cualificación organízanse atendendo aos seguintes aspectos:

1. Probas escritas ou exames:

Farase unha proba escrita por trimestre e por cada materia do ámbito (historia, castelán, galego). Nela, o alumno deberá demostrar o dominio do contido concreto do trimestre en cada área pero tamén a madurez e coherencia na exposición de ideas e a corrección da linguaxe empregada, tanto gramatical como ortográficamente. Polo tanto, valoraranse a ortografía, a sintaxe, a competencia léxica, a inventiva na creación de textos, a capacidade de expresión, coherencia e cohesión e os coñecementos teóricos.

Poderase descontar ata 1 punto por erros continuados ortográficos.

Poderase descontar ata 1 punto por carencias na coherencia e cohesión de textos.

Poderase descontar ata 0.5 puntos por a falta de adecuación no emprego dos rexistros lingüísticos adecuados e pola presentación incorrecta da proba.

Valorárase este apartado cun 60% sobre a nota global da avaliación e obtense da media entre as tres probas escritas de historia, galego e castelán.

2. **Cadernos de clase** (un para cada materia: castelán, galego, historia): Os cadernos das materias serven para observar o traballo do alumno, o seu interese e o seu esforzo. Estes deben conter os exercicios, resumos, esquemas, comentarios, redaccións, información buscada en diferentes medios, etc. que se fan día a día. Valóranse tanto os contidos como o esforzo que a súa realización supuxese, así como a presentación, orden, claridade, limpeza, corrección no manexo da lingua e capacidade de autocorrección. **Valórase cun 30 % sobre a nota global.** Empréganse rúbricas para valorar este apartado.

3. Traballos:

Traballos individuais: Empréganse rúbricas nas que se valorarán os seguintes aspectos: espírito crítico, esforzo e traballo, ortografía e presentación, orixinalidade...

Traballos en grupo: Empréganse rúbricas nas que se valorará a participación de todos os compoñentes, a distribución das tarefas encomendadas a cada uno, a organización dos materiais aportados por cada uno de los membros del grupo, a madurez do traballo realizado, así como las fontes de información utilizadas e los criterios selectivos empregados na súa elaboración.

Probas orais: Valorarase a claridade, propiedade e corrección na exposición das ideas sobre os temas expostos.

Empréganse rúbricas para valorar este apartado.

Valorárase este apartado cun 10 % sobre a nota global da avaliación.

NOTA FINAL DE AVALIACIÓN

Para aprobar a avaliación será preciso obter un 5 ou máis unha vez feita a media de todos os apartados. Hai que ter en conta que cómpre obter máis dun 3 sobre 7 nas probas escritas ou exames para poder facer a media. Con menos de 3 nas probas escritas é preciso realizar un exame de recuperación que poderá fixarse para xuño ou ben para cada un dos trimestres.

A nota final será a media das tres avaliacións.

16.- Aportacións do Departamento ó proxecto Erasmus “Challenger Extremism”:

O noso Departamento colabora de modo especial neste proxecto, xa que María Jesús Galego Pachecho, traballa en 2º de ESO nas unidades didácticas e tarefas propostas polos coordinadores. Unhas tarefas deseñadas polo noso instituto en colaboración co IES Carballo Calero, de Ferrol. De momento, pouco máis se pode engadir neste aspecto porque a primeira reunión para a elaboración das mesmas é o próximo 3 de outubro.

Ademáis, todos os membros seleccionan e recomendan lecturas nas que se tratan de modo central ou transversal os temas combatidos dende este proxecto: *extremismo positivo e negativo, fake news, relacións sanas e tóxicas, resolución de conflitos, educación emocional e dereitos da infancia*. Sin ir máis lonxe, o clásico *Lazarillo de Tormes, ou Desnuda, Acero, Biografía de un cuerpo, Refugiado, Mil soles espléndidos...* E un sinfin de títulos novos que estamos a reunir na nosa biblioteca, que será en breve de referencia neste sentido.

17.-BIBLIOGRAFÍA:

- Recursos educativos para el profesor y para el aula. Ed. Oxford.
- Programación Didáctica para 3º y 4º de ESO de Anaya: <http://www.anayaeducacion.es/programaciones.php>
- Programaciones Didácticas de aula. Proyecto *Saber Hacer* .Ed. Santillana

Esta Programación Didáctica foi aprobada en reunión ordinaria do Departamento de Lingua Castelá e Literatura celebrada o día 26 de setembro de 2019.

Narón, 26 de setembro de 2019.

María Begoña Canosa. Xefa de Departamento.

